

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Contas Anuais do exercicio terminado
o 31 de decembro de 2016, xunto co
Informe de Auditoría

INFORME DE AUDITORÍA INDEPENDIENTE DE CONTAS ANUAIS

Aos Membros do Padroado da
Fundación Cidade da Cultura de Galicia:

Auditamos as contas anuais adxuntas da Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en adiante, "a Fundación"), que comprenden o balance ao 31 de decembro de 2016, a conta de resultados abreviada e a memoria correspondentes ao exercicio rematado na devandita data.

Responsabilidade da Xerente en relación coas contas anuais

A Xerente é responsable de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados de Fundación Cidade da Cultura de Galicia, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable a entidade en España, que se identifica na Nota 2 da Memoria adxunta, e do control interno que considere necesario para permitir a preparación das contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Responsabilidade do auditor

A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as contas anuais adxuntas baseada na nosa auditoría. Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da auditoría de contas vixente en España. A devandita normativa esixe que cumpramos os requirimentos de ética, así como que planifiquemos e executemos a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as contas anuais están libres de incorreccións materiais.

Unha auditoría require a aplicación de procedementos para obter evidencia de auditoría sobre os importes e a información revelada nas contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro. Ao efectuar as devanditas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a formulación por parte da entidade das contas anuais, co fin de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade. Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación das políticas contables aplicadas e da razoabilidade das estimacións contables realizadas pola Dirección, así como a avaliación da presentación das contas anuais tomadas no seu conxunto.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión de auditoría.

Opinión

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira de Fundación Cidade da Cultura de Galicia ao 31 de decembro de 2016, así como dos seus resultados correspondentes ao exercicio anual terminado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

Parágrafo de énfase

Chamamos a atención sobre o sinalado na Nota 1 da Memoria adxunta, na que se indica que a Fundación constituíuse en decembro de 1999 con fins de interese cultural para Galicia, e desde ese momento, vén xestionando a construción das obras da "Cidade da Cultura de Galicia", así como as actividades desenvolvidas nos edificios xa rematados, recibindo para iso, así como para o sostemento xeral da Fundación, case exclusivamente o apoio patrimonial e financeiro da Xunta de Galicia a través das subvencións de explotación e de capital necesarias con cargo aos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia (véxase Nota 16 da Memoria adxunta). As contas anuais do exercicio 2016 adxuntas preparáronse baixo o Principio de Empresa en Funcionamento por considerar que se continuarán percibindo subvencións no futuro. Esta cuestión non modifica a nosa opinión.

DELOITTE, S.L.
Inscrita no R.O.A.C nº S0692

Jaime Del Olmo Casalderrey

19 de xuño de 2017



DELOITTE, S.L.

Año 2017 Nº 04/17/01159
SELLO CORPORATIVO: 96,00 EUR

Informe de auditoría de cuentas sujeto
a la normativa de auditoría de cuentas
española o internacional

CONTAS ANUAIS

EXERCICIO 2016



FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA
BALANCE AO 31 DE DECEMBRO DE 2016 E 2015

ACTIVO	NOTAS	31/12/2016	31/12/2015
A) ACTIVO NON CORRENTE		239.179.630	244.553.462
I. Inmobilizado intanxible.	7	80.315	84.675
5. Aplicacións informáticas		46.069	44.190
7. Outro inmobilizado intanxible		34.246	40.485
II. Bens do Patrimonio Histórico	6	323.987	323.897
III. Inmobilizado material.	5	238.775.312	244.144.890
1. Terreos e construcións		206.330.481	208.441.968
2. Instalacións técnicas e outro inmobilizado material		31.797.942	35.650.753
3. Inmobilizado en curso e anticipos		646.889	52.169
VI. Inversións financeiras a longo prazo.		16	16
B) ACTIVO CORRENTE		34.018.389	36.516.309
II. Existencias	11	50.918	41.255
IV. Debedores comerciais e outras contas a cobrar.		21.628.541	21.647.953
1. Clientes por vendas e prestación de servizos		2.870	4.694
3. Debedores varios		152.699	154.451
5. Activos por imposto corrente	12	1.057	-
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	12	21.471.915	21.488.808
VI. Inversións financeiras a curto prazo.	9.1	11.784.857	3.227.900
5. Outros activos financeiros		11.784.857	3.227.900
VII. Periodificacións a curto prazo.		2.523	2.319
VIII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.		551.550	11.596.882
1. Tesourería		551.550	11.596.882
TOTAL ACTIVO (A+B)		273.198.019	281.069.771

PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS	2016	2015
A) PATRIMONIO NETO		268.817.622	275.045.008
A-1) Fondos propios	10	46.314.540	47.011.785
I. Dotación fundacional		61.170.484	61.170.484
1. Dotación fundacional.		61.170.484	61.170.484
III. Excedentes de exercizos anteriores		(14.158.699)	(12.551.769)
2. (Excedentes negativos de exercizos anteriores)		(14.158.699)	(12.551.769)
IV. Excedente negativo do exercizo	3	(697.245)	(1.606.930)
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos.	16	222.503.082	228.033.223
I. Subvencións		203.487.654	207.517.795
II. Doazóns		19.015.428	20.515.428
B) PASIVO NON CORRENTE		859.899	851.855
I. Provisións a longo prazo	14	859.899	764.419
4. Outras provisiones		859.899	764.419
II. Débedas a longo prazo.	9.1	-	87.436
C) PASIVO CORRENTE		3.520.498	5.173.014
III. Débedas a curto prazo.	9.1	962.143	3.447.293
5. Outros pasivos financeiros.		962.143	3.447.293
V. Beneficiarios Acredores		50.005	-
VI. Acredores comerciais e outras contas a pagar.		2.508.350	1.725.721
1. Proveedores		682	-
3. Acredores varios		2.142.158	1.520.691
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)		1.457	-
6. Outras débedas con administracións públicas	12	364.053	205.030
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A+B+C)		273.198.019	281.069.877

As notas 1 a 22 da Memoria axunta forman parte do balance a 31 de decembro de 2016



FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

**CONTAS DE RESULTADOS ABREVIADAS CORRESPONDENTES ÓS EXERCICIOS
REMATADOS O 31 DE DECEMBRO DE 2016 E 2015**

	Nota	2016	2015
A) EXCEDENTE DO EXERCIZO			
1. Ingresos da actividade propia.		7.008.053	6.332.008
b) Aportacións de usuarios		13.001	-
c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboradores	13	65.000	276.852
d) Subvencións, doazóns e legados imputados o excedente do exercizo	16	6.930.052	6.055.156
2. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil		12.373	15.937
3. Gastos por axudas e outros		(52.570)	-
4. Variación de existencias de produtos terminados		43.112	-
6. Aprovisionamentos		(32.099)	(156.092)
7. Outros ingresos da actividade	8	580.308	519.339
8. Gastos de persoal	13	(796.061)	(581.939)
9. Outros gastos da actividade	13	(6.389.035)	(6.331.221)
10. Amortización do inmovilizado	5 y 7	(9.371.274)	(9.483.534)
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ó excedente do exercizo	16	8.120.692	8.582.853
12. Exceso de provisións		-	416
14. Outros resultados	13	154.154	(509.342)
A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+6+7+8+9+10+12+13+14)		(722.347)	(1.611.575)
15. Ingresos financeiros.	9.1	25.225	4.830
16. Gastos financeiros.		-	(40)
14. Diferenzas de cambio		(123)	(145)
A.2) EXCECENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (15+16)		25.102	4.645
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)		(697.245)	(1.606.930)
A.4) VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO RECONECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCIZO (A.3)		(697.245)	(1.606.930)
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO			
1. Subvencións recibidas	16	9.520.601	2.952.631
2. Doazóns e legados recibidos	16	-	13.133.083
B.1 VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECONECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4)		9.520.601	16.085.714
C) RECLASIFICACIÓNS Ó EXCEDENTE DO EXERCIZO			
1. Subvencións recibidas	16	(13.550.744)	(8.582.853)
2. Doazóns e legados recibidos	16	(1.500.000)	-
C.1 VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR RECLASIFICACIÓNS Ó EXCEDENTE DO EXERCIZO (1+2+3+4)		(15.050.744)	(8.582.853)
D) VARIACIONES DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE Ó PATRIMONIO NETO (B1+C1)		(5.530.143)	7.502.861
F) AXUSTES POR ERROS			
H) OUTRAS VARIACIÓNS			
I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCIZO (A.4+D+E+F+G+H)		(6.227.388)	5.895.931

As notas 1 a 22 da Memoria axunta forman parte integrante da conta de pérdidas e ganancias abreviada do exercicio terminado o 31 de decembro de 2016



MEMORIA

01 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE

02 - BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

03 - EXCEDENTE DO EXERCICIO

04 - NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

05 - INMOBILIZADO MATERIAL

06 - BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO

07 - INMOBILIZADO INTANXIBLE

08 - ARRENDAMENTOS E OUTRAS OPERACIÓNS DE NATUREZA SIMILAR

09 - INSTRUMENTOS FINANCEIROS

10 - FONDOS PROPIOS

11 - EXISTENCIAS

12 - SITUACIÓN FISCAL

13 - INGRESOS E GASTOS

14 - PROVISIÓNS E CONTINXENCIAS

15 - INFORMACIÓN SOBRE MEDIO AMBIENTE

16 - SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS

17 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE, APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN

18 - FEITOS POSTERIORES Ó PECHE

19 - OPERACIÓNS CON PARTES VENCELLADAS

20 - OUTRA INFORMACIÓN

21 - ESTADOS DE FLUXOS DE EFECTIVO

22 - INVENTARIO



01 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE

1. Constitución:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante, "a Fundación") constituíuse o 27 de decembro de 1999, figurando inscrita co número 73 no rexistro de fundacións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. O seu enderezo social e fiscal sitúase en Santiago de Compostela, no lugar de Monte Gaiás. O proceso de construción da Cidade da Cultura de Galicia, xunto coa actividade vencellada os edificios xa rematados, centrou as tarefas da Fundación nos exercicios 2016 e 2015. O réxime xurídico no momento da súa constitución foi de Fundación.

2. Fins e actividades da entidade:

Os fins da entidade, segundo se establece nos seus estatutos no artigo 6, son a *creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constituían un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural.*

As actividades realizadas no exercicio en cumprimento do artigo 7 dos seus estatutos foron:

- **Actividade cultural.**- a través das distintas exposicións no museo (Hª da Moda Téxtil en Galicia, Camilo José Cela, José Suárez...) e múltiples eventos culturais (Escenas do cambio, Atardecer no Gaiás, Nexos, Magostos no Gaiás...).
- **Actividade de emprendemento.**-a través de habilitación de espazos para Coworking e Viveiro de empresas e formación e tutorización en materia de emprendemento.
- **Aluguer e Cesión de espazos** para aproveitamento das instalacións da Cidade da Cultura (AMTEGA, Agadic, CDPI...).
- **Promoción turística e do espazo arquitectónico, paisaxístico e de lecer.**- mediante actuacións de sinalética, creación de Xardín Literario, áreas de lecer e Parque do Lago, Bosque de Galicia e diversas actuacións de fidelización e promoción turística.

3. A moeda funcional coa que opera a entidade é o euro. Para a formulación dos estados financeiros en euros seguíronse os criterios establecidos no Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos tal e como figura no apartado 4. Normas de rexistro e valoración de esta memoria.

4. Réxime Legal:

A Fundación réxese pola normativa vixente e imperante en materia de Fundacións de Interese Galego, concretamente a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego, o Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego, o Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego; a Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado; polos seus propios estatutos e pola normativa existente que lle sexa de aplicación.

En concreto, por achegar a Xunta de Galicia a totalidade da Dotación Fundacional e recibir ingresos maioritariamente da mesma, a Fundación está suxeita ao previsto na Lei do Parlamento de Galicia, 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia así como a Resolución da Consellería de Economía do 31 de marzo de 1999 sobre control financeiro das fundacións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a aplicación do réxime fiscal previsto na Lei 49/2002 mencionada anteriormente, a entidade comunicou á Administración Tributaria a súa opción polo citado réxime a través da correspondente declaración censual.

Este réxime fiscal aplícase ó período impositivo que finalice con posterioridade á data de presentación da declaración censual na que se conteña a opción e os sucesivos, en tanto a entidade non renuncie a dito réxime. Con data 13 de xaneiro de 2.005, a entidade presentou declaración censual ante a Administración Tributaria comunicando a opción polo réxime fiscal contido na Lei 49/2002.



02 - BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

O marco normativo de información financeira que resulta de aplicación á entidade é o establecido no:

- Código de Comercio e a restante lexislación mercantil.
- Plan Xeneral de Contabilidade regulado en no R.D. 1514/2007, de 16 de novembro.
- As normas de adaptación do Plan Xeneral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos regulado no R.D. 1491/2011, de 24 de outubro.
- A Resolución de 26 de marzo de 2.013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos.
- As normas de obrigado cumprimento aprobadas polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas no desenvolvemento do Plan Xeneral de Contabilidade e as súas normas complementarias.
- O resto da normativa contable española que resulte aplicable.

1. Imaxe fiel:

As contas anuais do exercicio adxuntas foron formuladas pola Xerente da Fundación a partir dos rexistros contables da fundación a 31 de decembro de 2016 e nelas aplicouse o marco normativo recollido anteriormente, e amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación, e do grao de cumprimento das súas actividades, así como da veracidade dos fluxos incorporados no estado de fluxos de efectivo.

Non existen razóns excepcionais, polas que, para amosar a imaxe fiel, non se teñan aplicado disposicións legais en materia contable.

Estas contas anuais someteranse á aprobación polo Padroado da Fundación, estimándose que serán aprobadas sen modificación algunha.

As contas anuais do exercicio anterior, foron aprobadas polo Padroado da Fundación, o 10 de xuño de 2016.

2. Principios contables:

No foi necesario, ni se creu convinte por parte da administración da entidade, a aplicación de principios contables facultativos distintos dos obrigatorios a que se refire o art. 38 do código de comercio e a parte primeira do plan xeneral de contabilidade.

3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incertidume:

A Entidade elaborou as súas contas anuais baixo o principio de entidade en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supoñer cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Nestas contas anuais utilizáronse ocasionalmente estimacións realizadas pola Xerente da Fundación para cuantificar algúns dos activos, pasivos, ingresos, gastos e compromisos que figuran rexistrados nela. Basicamente, estas estimacións se refiren a:

- Vida útil dos activos materiais e intanxibles. (Notas 5 e 7)
- A determinación da non reintegrabilidade das subvencións.
- A evolución de posibles perdas por insolvencias de usuarios e outros debedores da actividade propia e outras partidas a cobrar.
- As estimacións realizadas para a determinación dos compromisos de pagos futuros (Nota 8.)
- A medición dos riscos financeiros ós que se expón a Fundación no desenvolvemento da súa actividade.
- A estimación sobre o risco financeiro, derivado da posible perda de subvencións e doazóns privadas e públicas.
- A probabilidade de ocorrencia e o importe dos pasivos indeterminados ou continxentes (Nota 14)

É posible que, a pesar de que estas estimacións se realizaron en función da mellor información dispoñible á data de formulación de estas contas anuais sobre os feitos analizados, se produzan acontecementos no futuro que obriguen a modificalas (ó alza ou á baixa) nos próximos exercicios, o que se faría de forma

prospectiva recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas correspondentes contas de resultados futuras.

Nos derradeiros exercicios a Fundación veu incorrendo en perdas significativas no desenvolvemento das súas operacións que teñen debilitado a súa situación patrimonial, se ben a 31 de decembro de 2016 presentaba un patrimonio neto e un fondo de manobra positivos.

Non obstante, conveu sinalar que a Dirección da Fundación está levando a cabo un plan de actuacións orientado a reducir gastos e na medida do posible aumentar os ingresos, para reconducir a situación da Fundación.

O Padroado da Fundación considera que estas medidas son suficientes para garantir a súa continuidade, de forma que as Contas Anuais foron elaboradas aplicando o principio de empresa en funcionamento.

4. Comparación da información:

Os efectos da obriga establecida no artigo 35.6 do Código de Comercio, e os efectos derivados da aplicación do principio de uniformidade e do requisito de comparabilidade, para elaborar as contas anuais do exercicio utilizouse a estrutura do Balance expresado en modo normal e da Conta de Resultados expresada en modo abreviado no Plan Xeneral de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos publicado o 26 de marzo de 2013.

En decembro de 2016 aprobouse o Real Decreto 602/2016, de 2 de decembro, polo que se modifica o Plan General de Contabilidad aprobado polo Real Decreto 1514/2007. Dito Real Decreto 602/2016 é de aplicación ós exercicios que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2016.

As principais modificacións introducidas polo Real Decreto 602/2016 que afectan á Fundación refírense a novos desgloses de información na Memoria entre os que se atopan, como máis significativos: a) a cantidade das primas satisfeitas do seguro de responsabilidade civil dos Administradores; b) os empregados con discapacidade maior ou igual ó 33%; e c) a conclusión, modificación ou extinción anticipada de calquera contrato entre unha sociedade mercantil e calquera dos seus socios ou Administradores ou persoa que actúe por conta deles, cando se trate dunha operación allea ó tráfico ordinario da sociedade ou que non se realice en condicións normais.

En relación coas novas esixencias de información a incluír na Memoria e segundo permite a Disposición Adicional Segunda do Real Decreto mencionado, a Fundación, dacordo co establecido na normativa vixente, non incluíu no desglose de información comparativa.

As contas anuais presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance e da conta de resultados abreviada, ademais das cifras do exercicio 2016, as correspondentes o exercicio anterior. Asimesmo, a información contida nesta memoria referida o exercicio 2016 se presenta, a efectos comparativos coa información do exercicio 2015.

Os estados financeiros do exercicio 2015 axuntos incorporan determinadas adaptacións e reclasificacións con respecto ós aprobados para dito exercicio, con obxecto de mellorar a súa presentación e a comparación dos saldos, non habéndose alterado con elo nin o patrimonio neto da Entidade al 31 de decembro de 2015, nin os resultados do exercicio anual rematado en dita data.

A Entidade está obrigada a auditar as contas anuais dos exercicios 2016 e 2015. Ambos se atopan auditados.

5. Agrupación de partidas:

As contas anuais recollen partidas que foron obxecto de agrupación no balance ou na conta de resultados abreviada.

6. Cambios en criterios contables:

Durante o presente exercicio non se produciron cambios significativos de criterios contables respecto ós criterios aplicados no exercicio anterior.



7. Corrección de erros:

Na elaboración das contas anuais do exercicio 2016 no se detectou ningún erro significativo que supoña a reexpresión dos importes incluídos nas contas anuais do 2015.

03 - EXCEDENTE DO EXERCICIO

O excedente do exercicio ven determinado principalmente polas seguintes partidas:

- Ingresos por arrendamentos: supoñen o 4% dos ingresos da entidade e recollen os ingresos polo arrendamento dos bens, principalmente espazos, do patrimonio da fundación.
- Subvencións, doazóns e legados: supoñen o 93% dos ingresos da entidade e recollen as cantidades aportadas polas administracións, entidades e particulares para o desenvolvemento dos fins e os importes traspasados o exercicio das subvencións e doazóns de capital.
- Gasto de persoal: supón o 5% do gasto da entidade e recolle as cantidades pagadas ós traballadores en virtude de contrato laboral.
- Outros gastos da actividade: supoñen o 38% dos gastos totais da entidade e recollen as compras de bens e servizos correntes empregados na actividade de fins.
- Amortización do inmovilizado: supón o 55% do gasto da entidade e recolle a depreciación sufrida polos bens de inversión.

A proposta de aplicación do excedente negativo por parte da xerente da Fundación no exercicio actual e no anterior que se someterá a aprobación do Padroado é a seguinte:

Base de reparto Exercicio 2016	Importe
Excedente do Exercicio	(697.245)
Total	(697.245)

Aplicación Exercicio 2016	Importe
A Excedentes negativos de exercicios anteriores	(697.245)
Total	(697.245)

Base de reparto Exercicio 2015	Importe
Excedente do exercicio	(1.606.930)
Total	(1.606.930)

Aplicación Exercicio 2015	Importe
A Excedentes negativos de exercicios anteriores	(1.606.930)
Total	(1.606.930)

04 - NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

Os criterios contables aplicados son os seguintes:

1. Inmovilizado intanxible:

Os activos intanxibles rexístranse polo seu custo de adquisición e/ou produción e, posteriormente, valóranse ó seu custo menos, segundo proceda, a súa correspondente amortización acumulada e/ou perdas por deterioro que experimentaran.

A Entidade recoñece calquera perda que se producira no valor rexistrado de estes activos con orixe no seu deterioro, os criterios para o recoñecemento das perdas por deterioro destes activos e, se procede, das recuperacións das perdas por deterioro rexistradas en exercicios anteriores son similares ós aplicados para o inmovilizado material.

Os activos intanxibles amortízanse liñalmente en función dos anos de vida útil estimada que se consideraron que son cinco anos.

2. Inmovilizado material:

A partida de inmovilizado material inclúe en termos xerais bens de inmovilizado non xeneradores de fluxos de efectivo debido a que unicamente se destinan a unha finalidade distinta á de xerar un rendemento comercial.



Os bens comprendidos no inmovilizado material valoráronse polo prezo de adquisición ou custe de produción e minorado polas correspondentes amortizacións acumuladas e calquera perda por deterioro de valor coñecida. O prezo de adquisición e o custo de produción inclúen os gastos adicionais que se producen necesariamente ata a posta en condicións de funcionamento do ben.

a) Amortizacións

As amortizacións establecéronse de maneira sistemática e racional en función da vida útil dos bens e do seu valor residual, atendendo á depreciación que normalmente sofren polo seu funcionamento, uso e disfrute, sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia técnica ou comercial que puidera afectalos.

Os coeficientes de amortización utilizados son:

Descrición	Método empregado	Período	% Anual
Construcións	Lineal	Máximo 600 meses	2
Instalacións Técnicas	Lineal	Máximo 120 meses	10
Outras Instalacións	Lineal	Máximo 240 meses	5-12
Mobiliario	Lineal	Máximo 150 meses	8-10
Equipos Procesos de Información	Lineal	Máximo 48 meses	25
Elementos de Transporte	Lineal	Máximo 75 meses	16
Outro Inmovilizado	Lineal	Máximo 150 meses	8-12

b) Deterioro de valor dos activos materiais non xeradores de fluxos de efectivo

Prodúcese una perda por deterioro de valor dun elemento do inmovilizado material non xerador de fluxos de efectivo cando o seu valor contable supera ó seu importe recuperable, entendido éste como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custes de venda e o seu valor en uso. A tal efecto, o valor en uso determínase por referencia ó custo de reposición.

Á data de peche de cada exercicio, a entidade avalía se existen indicios de que algún inmovilizado material ou, no seu caso, algunha unidade de explotación ou servizo poida estar deteriorado, en cuxo caso, estima os seus importes recuperables efectuando as correccións valorativas que procedan.

Os cálculos do deterioro dos elementos do inmovilizado material efectuaranse elemento a elemento de forma individualizada.

As correccións valorativas por deterioro dos elementos do inmovilizado material non xeradores de fluxos de efectivo, así como a súa reversión cando as circunstancias que as motivaron houberan deixado de existir, recoñécense como un gasto ou un ingreso, respectivamente, na conta de resultados. A reversión do deterioro ten como límite o valor contable do inmovilizado que estaría recoñecido na data de reversión se non se houbese rexistrado o deterioro do valor.

c) Custos de renovación, ampliación ou mellora:

Os custos de renovación, ampliación ou mellora dos bens do inmovilizado material serán incorporados ó activo como maior valor do ben na medida en que supoñan un aumento da súa capacidade, produtividade ou alongamento da súa vida útil, debéndose dar de baixa o valor contable dos elementos que se substituíran.

Os custos de renovación, ampliación ou mellora dos bens do inmovilizado non xeradores de fluxos de efectivo serán incorporados ó activo como maior valor do ben na medida en que supoñan un incremento da capacidade de servizo do citado activo, debéndose dar de baixa o valor contable dos elementos que se substituíran.

3. Bens integrantes do Patrimonio Histórico

Os mesmos criterios de valoración relativos ó inmovilizado material, aplicanse ós bens do Patrimonio Histórico tendo en conta que as grandes reparacións ás que deben someterse estes bens se contabilizan dacordo co seguinte criterio:



a) Na determinación do prezo de adquisición tense en conta a incidencia dos custos relacionados con grandes reparacións. Neste senso, o importe equivalente a estes custos amortízase de forma distinta ó resto do elemento, durante o período que medie ata a gran reparación.

b) Cando se realiza a gran reparación, o seu custo recoñécese no valor contable do ben como unha substitución, sempre e cando se cumpran as condicións para o seu recoñecemento. Asimesmo, darase de baixa calquera importe asociado á reparación que puidera permanecer no valor contable do citado ben.

4. Instrumentos financeiros:

a) Criterios empregados para a calificación e valoración das diferentes categorías de activos e pasivos financeiros. Criterios aplicados para determinar o deterioro:

Os **activos financeiros**, a efectos da súa valoración, clasificáronse nas seguintes categorías:

Préstamos e partidas a cobrar

Nesta categoría inclúense os activos que se orixinan na venta de bens e prestación de servizos por operacións de tráfico de entidade. Tamén se inclúen aqueles activos financeiros que non se orixinan nas operacións de tráfico da entidade e que non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados, presentan uns cobros de contía determinada o determinable.

Estes activos financeiros valóranse polo seu valor razoable, que non é outra cousa que o prezo da transacción, é dicir, o valor razoable da contraprestación máis todos os custos que lle foran directamente atribuíbles.

Posteriormente, estes activos valóranse polo seu custo amortizado, imputando na conta de resultados abreviada os intereses devengados, aplicando o método do interese efectivo.

Por custo amortizado enténdese o custo de adquisición dun activo ou pasivo financeiro menos os reembolsos de principal e corrixido (en máis ou menos, segundo sexa o caso) pola parte imputada sistematicamente a resultados da diferenza entre o custo inicial e o correspondente valor de reembolso ó vencemento. No caso dos activos financeiros, o custo amortizado inclúe, ademais as correccións ó seu valor motivadas polo deterioro que experimentaran.

O tipo de interese efectivo é o tipo de actualización que iguala exactamente o valor dun instrumento financeiro á totalidade dos seus fluxos de efectivo esperados por tódolos conceptos ó longo da súa vida.

Os depósitos e fianzas recoñécense polo importe desembolsado por facer fronte ós compromisos contractuais.

Recoñécense no resultado do período as dotacións e retrocesións de provisións por deterioro do valor dos activos financeiros por diferenza entre o valor en libros e o valor actual dos fluxos de efectivo recuperables.


Correccións valorativas por deterioro

Ó peche do exercicio, efectúaranse as correccións valorativas necesarias pola existencia de evidencia obxectiva de que o valor en libros dunha inversión non é recuperable.

O importe desta corrección será a diferenza entre o valor en libros do activo financeiro e o importe recuperable. Entendese por importe recuperable como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custes de venda e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros derivados da inversión.

As correccións valorativas por deterioro, e se procede, a súa reversión rexistraranse como un gasto ou un ingreso respectivamente na conta de resultados. A reversión ten o límite do valor en libros do activo financeiro.

En particular, ó final do exercicio compróbase a existencia de evidencia obxectiva de que o valor dun crédito (ou dun grupo de créditos con similares características de risco valorados colectivamente) se deteriorou como consecuencia dun ou máis acontecementos que ocorreron tras o seu recoñecemento inicial e que ocasionaron unha redución ou un retraso nos fluxos de efectivo que se estimaran recibir no futuro e que pode estar motivado pola insolvencia do debedor.



A perda por deterioro será a diferenza entre o seu valor en libros e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros que se estimaron que se recibirán, descontándoos ó tipo de interese efectivo calculado no momento do seu recoñecemento inicial.

Os **pasivos financeiros**, a efectos da súa valoración, se clasifican na seguinte categoría:

Débitos e partidas a pagar

Nesta categoría inclúense os pasivos financeiros que se orixinaron na compra de bens e servizos por operacións de tráfico da entidade e aqueles que non sendo instrumentos derivados, non teñen unha orixe comercial.

Inicialmente, estes pasivos financeiros rexístranse polo seu valor razoable que é o prezo da transacción máis todos aqueles custos que foron directamente atribuíbles.

Posteriormente, valoráronse polo seu custo amortizado. Os intereses devengados contabilizáronse na conta de resultados abreviada, aplicando o método de interese efectivo.

Os débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñen un tipo de interese contractual, así como os desembolsos esixidos por terceiros sobre participacións, o pago das cales espérase que sexa no curto prazo, valoráronse polo seu valor nominal.

Os préstamos e descubertos bancarios que devengan intereses rexístranse polo importe recibido, neto de custos directos de emisión. Os gastos financeiros e os custos directos de emisión, contabilízanse segundo o criterio do devengo na conta de resultados abreviada utilizando o método do interese efectivo e se engaden ó importe en libros do instrumento na medida que non se liquidan no período en que se devengan.

Os préstamos clasifícanse como correntes salvo que a Entidade teña o dereito incondicional para aprazar a cancelación do pasivo durante, alomenos, os doce meses seguintes á data do balance.

Os acredores comerciais non devengan explicitamente intereses e rexístranse polo seu valor nominal.

b) Criterios empregados para o rexistro da baixa de activos financeiros e pasivos financeiros:

A Entidade dá de baixa os activos financeiros cando expiran ou se cederan os dereitos sobre os fluxos de efectivo do correspondente activo financeiro e se transferiran substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade. No caso concreto de contas a cobrar enténdese que este feito se produce en xeral si se transmitiron os riscos de insolvencia e mora.

Cando o activo financeiro se dá de baixa a diferenza entre a contraprestación recibida neta dos custos de transacción atribuíbles e o valor en libros do activo, máis calquera importe acumulado que se recoñecera directamente no patrimonio neto, determina a ganancia o perda xurdida ó dar de baixa dito activo, que forma parte do resultado do exercicio en que ésta se produce.

Pola contra, a Entidade non dá de baixa os activos financeiros, e recoñece un pasivo financeiro por un importe igual á contraprestación recibida, nas cesións de activos financeiros nas que se reteñan substancialmente os riscos e beneficios inherentes á súa propiedade.

A entidade dará de baixa un pasivo financeiro cando a obriga se extinga. Tamén dará de baixa os pasivos financeiros propios que adquira, aínda que sexa coa intención de recolocalos no futuro.

c) Criterios empregados na determinación dos ingresos ou gastos procedentes das distintas categorías de instrumentos financeiros:

Os intereses e dividendos de activos financeiros devengados con posterioridade ó momento da adquisición recoñécéronse como ingresos na conta de resultados abreviada. Para o recoñecemento dos intereses utilízase o método do interese efectivo. Os dividendos se recoñecen cando se declare o dereito do socio a recibilo.

d) Determinación dos ingresos ou gastos procedentes das distintas categorías de instrumentos financeiros: intereses, primas ou descontos, dividendos, etc.



Os intereses e dividendos de activos financeiros devengados con posterioridade o momento da adquisición recoñeceranse como ingresos na conta de resultados abreviada. Os intereses deben recoñecerse utilizando o método do tipo de interese efectivo e os dividendos cando se declare o dereito do socio a recibilo.

5. Créditos e débitos pola actividade propia:

As cotas, doazóns e outras axudas similares, procedentes de patrocinadores, afiliados e outros debedores, con vencemento a curto prazo, orixinan un dereito de cobro que se contabiliza polo seu valor nominal. Si o vencemento supera o citado prazo, recoñécese polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o nominal do crédito rexístrase como un ingreso financeiro na conta de resultados abreviada dacordo co criterio do custe amortizado.

Non se concederon préstamos no exercicio da actividade propia a tipo de interese cero ou por debaixo do interese de mercado.

O peche do exercicio efectúanse as correccións valorativas necesarias sempre que exista evidencia obxectiva de que se produciu un deterioro de valor nestes activos. A tal efecto aplica o criterio do custe amortizado.

As axudas e outras asignacións concedidas pola entidade ós seus beneficiarios, con vencemento a curto prazo, orixinan o recoñecemento dun pasivo polo seu valor nominal. Si o vencemento supera o citado prazo, recoñécese polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o nominal do débito se contabiliza como un gasto financeiro na conta de resultados abreviada dacordo co criterio do custo amortizado.

Se a concesión da axuda é plurianual, o pasivo se rexistra polo valor actual do importe comprometido en firme de forma irrevogable e incondicional. Aplícase este mesmo criterio naqueles casos nos que a prolongación da axuda non esté sometida a avaliacións periódicas, sino ó mero cumprimento de trámites formais ou administrativos.

6. Existencias:

Valóranse ó prezo de adquisición ou custe de produción. O prezo de adquisición é o importe facturado polo proveedor, deducidos os descontos e os intereses incorporados ó nominal dos débitos máis os gastos adicionais para que as existencias se atopen ubicadas para a súa venda: transportes, aranceis, seguros e outros atribuíbles á adquisición.

O método FIFO é o adoptado pola Fundación por consideralo o máis axeitado para a súa xestión.

Os impostos indirectos que gravan as existencias só se incorporan o prezo de adquisición ou custe de produción cando non son recuperables directamente da Facenda Publica.

Dado que as existencias da Fundación non necesitan un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de ser vendidas, non se inclúen gastos financeiros no prezo de adquisición ou custe de produción.

Os anticipos a provedores a conta de subministro futuros de existencias valóranse polo seu custe.

A valoración dos produtos obsoletos, defectuosos ou de lento movemento redúcese ó seu posible valor de realización.

Cando o valor neto realizable das existencias é inferior ó seu prezo de adquisición ou ó seu custe de produción, efectúanse as oportunas correccións valorativas recoñecéndoo como un gasto na conta de perdas e ganancias abreviada.

Se deixan de existir as circunstancias que causaron a corrección de valor das existencias, o importe da corrección é obxecto de reversión recoñecéndoo como un ingreso na conta de perdas e ganancias abreviada.

7. Imposto sobre beneficios:

O gasto por imposto corrente determínase mediante a suma do gasto por imposto corrente e o imposto diferido. O gasto por imposto corrente determínase aplicando o tipo de gravame vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais e aplicadas no exercicio.

Os activos e pasivos por imposto diferido, proceden das diferenzas temporarias definidas como os importes

que se prevén pagadoiros ou recuperables no futuro e que derivan da diferenza entre o valor en libros dos activos e pasivos e a súa base fiscal. Ditos importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria ó tipo de gravame ó que se espera recuperalos ou liquidalos.

Os activos por impostos diferidos xorden, igualmente, como consecuencia das bases impositibles negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.

Recoñécese o correspondente pasivo por impostos diferidos para tódalas diferenzas temporarias impositibles, salvo que a diferenza temporaria se derive do recoñecemento inicial dun fondo de comercio ou do recoñecemento inicial (salvo nunha combinación de negocios) doutros activos e pasivos nunha operación que no momento da súa realización, non afecte nin ó resultado fiscal nin contable.

Pola súa parte, os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporarias deducibles, só se recoñecen no caso de que se considere probable que a Fundación vaia a ter nun futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos e non procedan do recoñecemento inicial (salvo nunha combinación de negocios) doutros activos e pasivos nunha operación que non afecta nin ó resultado fiscal nin ó resultado contable. O resto de activos por impostos diferidos (bases impositibles negativas e deducións pendentes de compensar) soamente se recoñecen no caso de que se considere probable que a Fundación vaia a ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos.

Con ocasión de cada peche contable, revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) con obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións ós mesmos, dacordo cos resultados das análises realizadas.

O gasto ou o ingreso por imposto diferido correspóndese co recoñecemento e a cancelación dos pasivos e activos por imposto diferido, así como, no seu caso, polo recoñecemento e imputación á conta de perdas e ganancias abreviada do ingreso directamente imputado ó patrimonio neto que poida resultar da contabilización de aquelas deducións e outras vantaxes fiscais que teñan a natureza económica de subvención.

O réxime fiscal do Imposto sobre Sociedades aplicado á Fundación derivase da aplicación do Título II da Lei 49/2002 de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado e o seu desenvolvemento regulamentario exposto no Real Decreto 1270/2003 de 10 de outubro, do Ministerio de Hacienda, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenado.

8. Ingresos e gastos:

Os gastos realizados pola Entidade contabilízanse na conta de resultados do exercicio no que se incorren, ó marxe da data en que se produza a corrente financeira. En particular, as axudas outorgadas pola Entidade recoñécense no momento no que se aproba a súa concesión.

En ocasións, o recoñecemento de estes gastos se difire en espera de que se completen algunhas circunstancias necesarias para o seu devengo, que permitan a súa consideración definitiva na conta de resultados abreviada.

Ditas regras son aplicables ós seguintes casos:

- a) Cando a corrente financeira se produce antes que a corrente real, a operación en cuestión dá lugar a un activo, que é recoñecido como un gasto cando se perfecciona o feito que determina a devandita corrente real.
- b) Cando a corrente real se estende por períodos superiores ó exercicio económico, cada un dos períodos recoñece o gasto correspondente, calculado con criterios razoables, sen perxuício do indicado para os gastos de carácter plurianual.

As axudas outorgadas en firme pola entidade e outros gastos comprometidos de carácter plurianual se contabilizan na conta de resultados abreviada do exercicio en que se aproba a súa concesión con abono a unha conta de pasivo, polo valor actual do compromiso asumido.

Os desembolsos relacionados coa organización de eventos futuros (exposicións, congresos, conferencias, etcétera) recoñécense na conta de resultados abreviada da entidade como un gasto na data na que se



incorren, salvo que estiveran relacionados coa adquisición de bens do inmovilizado, dereitos para organizar o citado evento ou calquera outro concepto que cumpra a definición de activo.

Na contabilización dos ingresos téñense en conta as seguintes regras:

- a) Os ingresos por entregas de bens ou prestación de servizos valóranse polo importe acordado.
- b) As cotas de usuarios ou afiliados recoñécense como ingresos no período ó que correspondan.
- c) Os ingresos procedentes de promocións para captación de recursos, de patrocinadores e de colaboracións recoñécense cando as campañas e actos se producen.
- d) En todo caso, deberanse realizar as periodificacións necesarias.

9. Provisións e continxencias:

As contas anuais da Entidade recollen todas as provisións significativas nas cales é maior a probabilidade que se teña que atender a obriga. As provisións recoñécense unicamente en base a feitos presentes ou pasados que xeneren obrigas futuras. Cuantifícanse tendo en consideración a mellor información dispoñible sobre as consecuencias do suceso que as motivan e son reestimadas con ocasión de cada peche contable. Utilízanse para afrontar as obrigas específicas para as cales foron orixinalmente recoñecidas. Procédese a súa reversión total ou parcial, cando estas obrigas deixan de existir ou diminúen.

10. Criterios empregados para o rexistro e valoración dos gastos de persoal:

Agás no caso de causa xustificada, as entidades veñen obrigadas a indemnizar ós seus empregados cando cesan nos seus servizos.

Ante a ausencia de calquera necesidade previsible de terminación anormal do emprego e dado que non reciben indemnizacións aqueles empregados que se xubilan ou cesan voluntariamente nos seus servizos, os pagos por indemnizacións, cando xorden, cárganse a gastos no momento en que se toma a decisión de efectuar o despedimento.

11. Subvencións, doazóns e legados:

As subvencións, doazóns e legados non reintegrables contabilízanse como ingresos directamente imputados o patrimonio neto e se recoñecen na conta de resultados abreviada como ingresos sobre unha base sistemática e racional de forma correlacionada cos gastos derivados do gasto ou inversión obxecto da subvención, doazón ou legado.

Nas subvencións, doazóns ou legados concedidos polos, fundadores o patróns séguese este mesmo criterio, salvo que se outorgasen a título de dotación fundacional ou fondo social, en cuxo caso se recoñecen directamente nos fondos propios da entidade. Tamén se recoñecen directamente nos fondos propios, as aportacións efectuadas por un terceiro á dotación fundacional ou o fondo social.

As subvencións, doazóns e legados que teñan carácter de reintegrables rexístranse como pasivos da entidade ata que adquieren a condición de non reintegrables. A estes efectos, considéranse non reintegrables cando existe un acordo individualizado de concesión da subvención, doazón ou legado a favor da entidade, se teñen cumprido as condicións establecidas para a súa concesión e non existan dúbidas razoables sobre a súa recepción.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido. As de carácter non monetario ou en especie se valoran polo valor razoable do ben ou servizo recibido, sempre que o valor razoable do citado ben ou servizo poda determinarse de maneira fiable.

12. Clasificación dos activos e pasivos entre corrente e non corrente:

No balance axunto, os saldos se clasifican en non correntes e correntes. Os correntes comprenden aqueles saldos que a Fundación espera vender, consumir, desembolsar ou realizar no transcurso do ciclo normal de explotación (doce meses). Aqueles outros que non correspondan con esta clasificación, se consideran non correntes.



05 - INMOBILIZADO MATERIAL

1. Análise do movemento comparativo do exercicio actual e do exercicio anterior de cada partida do balance incluída neste epígrafe e das súas correspondentes amortizacións acumuladas e correccións valorativas por deterioro acumuladas.

Terreos e construcións

Movementos terreos e construcións	Saldo 31/12/2016	Saldo 31/12/ 2015
SALDO INICIAL BRUTO	227.034.099	223.540.348
(+)Resto de entradas	2.339.054	3.493.751
(-)Saídas, baixas ou reducións	(70.337)	-
SALDO FINAL BRUTO	229.302.816	227.034.099

Amortización terreos e construcións	Saldo 31/12/2016	Saldo 31/12/2015
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL	(18.592.131)	(14.268.586)
(+)Dotación á amortización do exercicio	(4.380.203)	(4.323.545)
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL	(22.972.334)	(18.592.131)

Valor neto Contable	206.330.481	208.441.968
---------------------	-------------	-------------

Instalacións técnicas e outro inmovilizado material

Movementos instalacións técnicas e outro inmovilizado	Saldo 31/12/2016	Saldo 31/12/2015
SALDO INICIAL BRUTO	60.874.570	59.691.637
(+)Resto de entradas	1.158.575	1.182.933
(-)Saídas, baixas ou reducións	(45.502)	-
SALDO FINAL BRUTO	61.987.643	60.874.570

Amortización instalacións técnicas e outro inmovilizado	Saldo 31/12/2016	Saldo 31/12/2015
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL	(25.223.817)	(20.086.153)
(+)Dotación á amortización do exercicio	(4.965.884)	(5.137.664)
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL	(30.189.701)	(25.223.817)

Valor neto Contable	31.797.942	36.650.753
---------------------	------------	------------

Inmovilizado en curso e anticipos

Movementos inmovilizado en curso e anticipos	Saldo 31/12/2016	Saldo 31/12/2015
SALDO INICIAL BRUTO	24.758.001	24.705.832
(+)Resto de entradas	594.720	52.169
SALDO FINAL BRUTO	25.352.721	24.758.001

Correccións de valor por deterioro inmovilizado en curso	Saldo 31/12/2016	Saldo 31/12/2015
CORRECCIÓN VALOR DETERIORO, SALDO INICIAL	(24.705.832)	(24.705.832)
CORRECCIÓN VALOR DETERIORO, SALDO FINAL	(24.705.832)	(24.705.832)

Valor neto Contable	646.889	52.169
---------------------	---------	--------

2. Información sobre:

- a) No epígrafe "Terreos" recóllense os bens cedidos gratuitamente por Caixa Galicia (agora, Abanca) á Fundación Cidade da Cultura de Galicia e sobre os cales aséntase parte da Cidade da Cultura. A superficie dos devanditos terreos é de 431.138 m² e o valor de cesión ascendeu a 4.271.155 euros.

Por outra banda, no exercicio 2014 rexistrouse o custe asociado a 260.827 m² do resto de terreo onde se asenta a Cidade da Cultura de Galicia, que foran expropiados pola Xunta de Galicia e dos que a Entidade foi nomeada como beneficiaria. O valor asignado correspóndese co aboado pola Administración no proceso expropiatorio, que ascendeu a 3.094.776 euros.

- b) A construtora do Museo presentou no 2.014 reclamación xudicial por non estar de acordo coas partidas integrantes da liquidación final da obra. A Fundación rexistrou no 2.015 como incremento do custe do inmovilizado un importe de 1.834.159 euros, que a xuízo do departamento técnico era o que procedía de liquidación, ademais rexistrou, con cargo ao epígrafe "Outros Resultados" da Conta de Perdas e Ganancias Abreviada a estimación dos xuros por importe de 158.159 euros. Con data 11 de maio de

2016, o Xulgado de Primeira Instancia número 3 de Santiago de Compostela, ditou sentenza na que estima parcialmente a demanda interposta pola construtora e condena á Fundación ó pagamento de 1.834.159 euros (IVE do 21% Incluído). Dado que o IVE aplicable era do 18% esto supuxo un exceso no incremento do inmovilizado rexistrado en 2015 por importe de 115.839 euros que se diminuíron no presente exercicio. A sentenza de data 11 de maio de 2016 é recurrible e foi interposto recurso de apelación pola demandante en xuño do mesmo ano sen que á data de formulación destas contas anuais teñamos coñecemento da súa resolución.

- c) Durante o exercicio 2013, o Parlamento de Galicia aprobou unha moción para a suspensión definitiva das obras dos dous edificios que se atopaban en curso a dita data, que se corresponden cos edificios do Teatro da Música e o Centro de Arte Internacional (cun grado de execución respectivo do 17 e o 8%). Con orixe en dito feito, o Consello de Goberno da Xunta de Galicia, na sesión do 13 de febreiro de 2014, autorizou ao Padroado da Fundación á resolución por mutuo acordo dos contratos de construción, sobre a base dos informes favorables da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral da Xunta de Galicia, así como sobre a conformidade manifestada polo contratista de cada un dos centros.

Como consecuencia da paralización do proxectos dos dous edificios en construción, e do vencemento o 31 de decembro de 2014 do dereito de superficie concedido aos adxudicatarios na resolución dos contratos, a Fundación procedeu a reestimar á data de peche do exercicio 2014 a imputación inicialmente realizada dos custes comúns da construción do proxecto Cidade da Cultura de Galicia e reclasificou, en consecuencia, os custes a imputar aos edificios finalizados. Derivado desta análise, no exercicio 2014, distribuíronse custes xerais aos edificios en funcionamento por importe total de 31.723.922 euros. Adicionalmente, e seguindo o criterio de prudencia que aplica a Fundación nas súas políticas contables, rexistrouse un deterioro por importe de 24.705.832 euros correspondente ó valor da obra executada ata a data nos dous edificios paralizados, tendo en conta a súa reversibilidade que se producirá no momento que se retomen as obras ou se despexe o futuro desa parte do proxecto. Así mesmo, rexistrouse a corresponde imputación de subvencións a Conta de Resultados Abreviada. A data de peche do exercicio non hai novidade o respecto polo que seguimos mantendo vivo o deterioro rexistrado no exercicio 2014.

- d) Existe inmovilizado material totalmente amortizado ó peche do exercicio segundo o seguinte detalle:

Descrición	Exercicio 2016	Exercicio 2015
Instalacións técnicas	6.482	6.357
Outras instalacións e moblaxe	1.954.613	239.569
Equipos para procesos de información	1.458.738	1.357.373
Elementos de transporte	30.000	30.000
Outro inmovilizado material	158.839	95.719
Total	3.608.672	1.729.018

- e) A Fundación non ten activos materiais afectos a garantía no exercicio actual nin no anterior.
- f) As subvencións, doazóns e legados recibidos relacionados co inmovilizado material no exercicio actual están cuantificados en 4.090.551 euros e o importe dos activos subvencionados ascende a 4.242.196 euros (Ver nota 16).
- g) A política da Entidade é formalizar pólizas de seguros para cubrir os posibles riscos a que están suxeitos os diversos elementos do seu inmovilizado material. A administración revisa anualmente, ou cando algunha circunstancia o fai necesario, as coberturas e os riscos cubertos e se acordan os importes que razoablemente se deben cubrir para o ano seguinte.
- h) O valor de construción e do terreo dos inmobles no exercicio actual, ascende a 7.539.707 euros e 221.763.109 euros, respectivamente.

No exercicio anterior, o valor de construción e do terreo dos inmobles ascendeu a 7.539.707 euros y 219.494.392 euros, respectivamente.

06 - BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO

A partida do balance incluída neste epígrafe correspóndese tanto no exercicio 2016 como no 2015 con fondos bibliográficos cuxo valor ascende a 323.987 euros.



07- INMOBILIZADO INTANXIBLE

1. Análise do movemento comparativo do exercicio actual e do exercicio anterior de cada partida do balance incluída neste epígrafe e das súas correspondentes amortizacións acumuladas e correccións valorativas por deterioro de valor acumuladas:

Movements patentes, licencias, marcas e similares	Saldo 31/12/2016	Saldo 31/12/2015
SALDO INICIAL BRUTO	733.466	719.040
(+)Resto de entradas	-	14.426
SALDO FINAL BRUTO	733.466	733.466

Amortización patentes, licencias, marcas e similares	Saldo 31/12/2016	Saldo 31/12/2015
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL	(692.981)	(686.479)
(+)Dotación á amortización do exercicio	(6.239)	(6.502)
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL	(699.220)	(692.981)

Movements aplicacións informáticas	Saldo 31/12/2016	Saldo 31/12/2015
SALDO INICIAL BRUTO	1.339.058	1.303.546
(+)Resto de entradas	20.827	35.512
SALDO FINAL BRUTO	1.359.885	1.339.058

Amortización aplicacións informáticas	Saldo 31/12/2016	Saldo 31/12/2015
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL	(1.294.868)	(1.279.045)
(+)Dotación á amortización do exercicio	(18.948)	(15.823)
AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL	(1.313.816)	(1.294.868)

2. Información sobre:

- a) Existe inmovilizado intanxible totalmente amortizado ó 31 de decembro segundo o seguinte detalle:

Descrición	Exercicio 2016	Exercicio 2015
Aplicacións informáticas	1.281.238	1.281.238
Propiedade industrial	699.220	692.981
Total	1.980.458	1.974.219

08 - ARRENDAMENTOS E OUTRAS OPERACIÓNS DE NATUREZA SIMILAR

8.1 Arrendamentos operativos

O importe dos arrendamentos operativos que arrenda a entidade é a seguinte:

Arrendamentos operativos: Información do arrendador	Eercicio 2016	Eercicio 2015
Importe dos cobros futuros mínimos por arrendamentos operativos non cancelables, dos cales:		
...Ata un ano	575.296	529.300
...Entre un e cinco anos	2.137.182	2.088.482
Importe das cotas contingentes reconecidas como ingresos do exercicio	580.308	519.339

Os arrendamentos operativos anteriores se corresponden a contratos de cesión dos espazos dispoñibles no complexo da Cidade da Cultura de Galicia.

As cotas de arrendamento mínimas dos exercicios posteriores están calculadas sen ter en conta incrementos por IPC, actualización de rendas futuras e previsibles renovacións.

A información dos arrendamentos operativos nos que a entidade é arrendataria é a seguinte:

Arrendamentos operativos: Información do arrendatario	Eercicio 2016	Eercicio 2015
Importe dos pagos futuros mínimos por arrendamentos operativos non cancelables, dos cales:		
...Ata un ano	8.515	8.116
...Entre un e cinco anos	21.626	3.745
Importe total dos pagos futuros mínimos que se esperan recibir, ó peche do exercicio, por subarrendos operativos non cancelables		
Pagos mínimos por arrendamento reconecidos como gasto do período	5.388	6.650

09 - INSTRUMENTOS FINANCEIROS

1. Inversións financeiras a curto prazo. Outros activos financeiros

Neste epígrafe, ao 31 de decembro de 2016, figuran rexistradas principalmente imposicións suscritas en entidades financeiras un importe de 11.227.900 euros (3.227.900 euros a 31 de decembro de 2015), as cales xeneraron un importe de 25.225 euros en concepto de intereses rexistrados no epígrafe de "Ingresos financeiros" da conta de resultados abreviada adxunta (4.830 euros en 2015). Ademais, a Fundación dispón de un depósito de 556.957 euros como consecuencia da execución da sentenza contra a liquidación final da obra do museo descrita na nota 5.

2. Débedas a curto prazo-

O saldo do epígrafe "Débedas a curto prazo" deste capítulo recolle fundamentalmente, o saldo adebedado aos provedores por adquisicións de inmovilizado por importe de 789.481 (3.447.293 euros ao 31 de decembro de 2015). O resto do importe correspóndese coas entregas en efectivo das fianzas por algún dos arrendatarios de parte do Complexo e a fianza entregada pola sociedade Eisenman Architects, P.C. (sociedade encargada do deseño da Cidade da Cultura de Galicia) por importe de 83.561 euros para garantir o cumprimento do contrato de consultaría e asistencia asinado no ano 2002 para a redacción do proxecto de execución das obras da Cidade da Cultura (no epígrafe de "Débedas a longo prazo" en 2015). Dita garantía será devolta no exercicio 2017

3. Información sobre a natureza e o nivel de risco procedente de instrumentos financeiros

As actividades da entidade están expostas a diversos riscos financeiros. A xestión do risco está controlada polo departamento financeiro. Os principais riscos financeiros indícanse a continuación:

- **Risco de crédito:** a entidade non ten risco de crédito derivado das operacións realizadas xa que a maior parte das débedas proveñen de subvencións coas administracións públicas que non supoñen risco significativo en canto a súa certeza de cobro.
- **Risco de liquidez:** a entidade leva unha xestión prudente do risco de liquidez elaborando seguimentos da tesourería con carácter mensual. Nestes momentos é á vista dos recursos líquidos existentes na entidade o risco de liquidez é practicamente nulo.
- **Risco de tipo de interese:** os fluxos de efectivo das actividades de explotación son independentes respecto ás variacións dos tipos de interese do mercado. Ó mesmo tempo, non se dispón de activos financeiros cuxo valor se puidera ver afectado de forma relevante por fluctuacións nos tipos de interese.
- **O risco de tipo de mercado:** O risco de mercado non existe por non dispoñer a entidade de financiamento alleo.

10 - FONDOS PROPIOS

1. A continuación detallase o movemento habido no epígrafe A.1 do pasivo do balance:

EXERCICIO 2016				
FONDOS PROPIOS	Saldo inicial	Aumentos	Disminucións	Saldo final
I. Dotación fundacional/Fondo social				
1. Dotación fundacional/Fondo social	61.170.484	-	-	61.170.484
V. Excedentes de exercicios anteriores	-12.551.769	-1.606.930	-	-14.158.699
VI. Excedente do exercicio	-1.606.930	-697.245	-1.606.930	-697.245
TOTAIS	47.011.785	-2.304.175	-1.606.930	46.314.540

EXERCICIO 2015				
FONDOS PROPIOS	Saldo inicial	Aumentos	Disminucións	Saldo final
I. Dotación fundacional/Fondo social				
1. Dotación fundacional/Fondo social	61.170.484	-	-	61.170.484
V. Excedentes de exercicios anteriores	-421.847	-12.129.922	-	-12.551.769
VI. Excedente do exercicio	-12.129.922	-1.606.930	-12.129.922	-1.606.930
TOTAIS	48.618.715	-13.736.852	-12.129.922	47.011.785

O epígrafe "Dotación Fundacional" recolle a dotación inicial achegada pola Xunta de Galicia no acto fundacional, incrementada coas sucesivas contribucións achegadas por esta mesma Administración con posterioridade e pola parte do excedentes de exercicios precedentes destinado, de conformidade cos estatutos da Fundación, ó incremento desta partida do Balance. A data de peche do exercicio non se atopaba pendente de desembolso cantidade ningunha.

Segundo se indica nos estatutos da Fundación, en caso de extinción da mesma, o patrimonio neto resultante da liquidación dos bens pasará a formar parte dunha Institución que persiga fins de interese xeral, neste caso a Xunta de Galicia.

A única causa de descenso dos fondos propios no 2.016 e no 2.015 foron os resultados negativos da Fundación.

11 - EXISTENCIAS

O saldo do epígrafe "Existencias" ascende ó 31 de decembro de 2.016 a 50.918 euros (41.255 euros ó 31 de decembro de 2.015) e correspóndese ó valor ó peche do exercicio das existencias de publicacións e outro material para a venda ós usuarios e visitantes do complexo Cidade da Cultura de Galicia.

Neste exercicio revertéronse correccións valorativas por importe de 9.590 euros motivadas pola actualización do inventario de existencias revisando aquelas que no tiveron movemento durante o ano 2016.

A información das correccións valorativas é a seguinte:

Deterioro de valor de existencias	Eercicio 2016	Eercicio 2015
Importe ó inicio do exercicio	119.615	6.788
Importe ó remate do exercicio	110.025	119.615

12 - SITUACIÓN FISCAL

12.1 Imposto sobre beneficios.

Dacordo co Título II de la Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos, as fundacións gozarán de exención no Imposto sobre Sociedades, entre outras, polas seguintes rendas: As doazóns recibidas para colaborar nos fins da entidade e as axudas económicas recibidas en virtude dos convenios de colaboración empresarial regulados no artigo 25 de dita Lei; as subvencións, salvo as destinadas a financiar a realización de explotacións económicas non exentas; as procedentes do patrimonio mobiliario e inmobiliario da entidade, como son os dividendos, intereses, canons e alugares; e as obtidas no exercicio das explotacións económicas exentas relacionadas no artigo 7 de dita Lei. Así pois, na base imponible do Imposto sobre Sociedades só se incluírán as rendas derivadas das explotacións económicas non exentas.


Esta entidade optou polo réxime fiscal especial do citado Título II da Lei 49/2002, de 23 de decembro, mediante a oportuna comunicación á Administración tributaria de data 13 de xaneiro de 2.005.

Esta entidade non desenvolveu durante o exercicio actual e anterior actividades non exentas.

Co acollemento ó réxime estipulado no título II da lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenado a entidade consegue ter unha exención total das súas rendas no imposto sobre sociedades e polo tanto a base imponible difire do resultado contable.

Isto concrétese en tódolos los tipos de renda que a entidade xenera, como os donativos, as cotas de asociados, subvencións recibidas, convenios de colaboración, ingresos por prestacións de servizos, etc.

Os exercicios abertos a inspección comprenden os catro derradeiros exercicios. Dende o exercicio 2012 para o caso do Imposto sobre Sociedades, as declaracións de impostos non poden considerarse definitivas ata a súa prescrición ou a súa aceptación polas autoridades fiscais e, con independencia de que a lexislación fiscal é susceptible a interpretacións. O órgano de goberno estima que calquera pasivo fiscal



adicional que puidera poñerse de manifesto, como consecuencia dunha eventual inspección, non terá un efecto significativo na contas anuais tomadas no seu conxunto.

12.2 Outros tributos.

En relación o IVE, a Entidade atendeu durante o exercicio 2014 unha inspección tributaria por este concepto relativo o exercicio 2012 tributario na que a Inspección puxo de manifesto, e levantou acta en consecuencia (en desconformidade e sen sanción), que non tiña a consideración de IVE deducible o soportado nas adquisicións de bens e servizos destinados as distintas actividades culturais e artísticas organizadas pola Fundación (nin procedía, de xeito correlativo, a repercusión nos ingresos recadados pola Entidade no marco das mesmas actividades). A Entidade ten recorrida a devandita liquidación por entender que non se axusta a dereito, se ben, e como reflexo do principio de prudencia, procedeu a contabilizar o IVE soportado nese tipo de operacións no exercicio 2014 como maior custo dos bens e servizos, e paralelamente, a dotar con cargo a Conta de Resultados Abreviada correspondente a 2014, unha provisión por importe de 371.348 euros para cubrir o impacto que tería o criterio da AEAT en termos de custo dos bens e servizos adquiridos nos exercicios precedentes. Á data das presentes Contas Anuais aínda non ten recaída resolución sobre o antedito recurso.

12.3 Saldos con administracións públicas.

A composición dos saldos con Administracións Públicas é:

Saldos debedores con administracións públicas	Exercicio 2016	Exercicio 2015
Facenda Pública, debedora por subvencións concedidas	21.239.484	21.232.032
Facenda Pública, debedora por devolución IVE	232.431	232.471
Facenda Pública, debedora por devolución IS	1.057	
Facenda Pública, debedora por outros conceptos		24.305
TOTAL	21.472.972	21.488.808

Saldos acredores con administracións públicas	Exercicio 2016	Exercicio 2015
Facenda Pública, acredores por IRPF	200.606	193.216
Organismos da Seguridade Social, acredores	163.447	11.814
TOTAL	364.053	205.030

13 - INGRESOS E GASTOS

1. A continuación detállase o desglose da partida da conta de resultados de:

- Aprovisionamentos:

Aprovisionamentos	Exercicio 2016	Exercicio 2015
Consumo de mercadorías		
a) Compras, netas devolucións e descontos das cales:	1.035	86.309
b) Variación de existencias	(651)	(5.079)
Consumo de materias primas e outros materiais consumibles		
a) Compras, netas devolucións e descontos das cales:	15.344	
b) Variación de existencias	(15.643)	74.862
Traballos realizados por outras entidades		
a) Traballos realizados por outras entidades das cales:	32.014	-
TOTAL	32.099	156.092

- O desglose da partida de "Gastos de persoal" é a seguinte:



Conta	Exercicio 2016	Exercicio 2015
Soldos e salarios	528.501	462.005
Cargas sociais		
a) Seguridade Social a cargo da empresa	264.012	119.934
c) Outras cargas sociais	3.548	-
TOTAL	796.061	581.939

- O desglose de "Outros gastos da actividade" corresponden a:

a) Servizos exteriores	6.387.620	6.445.386
- Arrendamentos	8.639	6.631
- Reparacións e conservación	844.509	710.244
- Servizos profesionais	217.152	278.242
- Transportes	177.228	1.694
- Primas de seguros	84.943	75.512
- Publicidade e propaganda	609.277	717.168
- Subministrados	1.716.929	1.687.691
- Outros gastos	2.728.943	2.968.204
b) Tributos	1.415	-114.165
TOTAL	6.389.035	6.331.221

- Os ingresos por colaboracións no exercicio ascenden a 65.000 euros. No exercicio anterior, ascenderon a 276.852 euros.
- Os resultados orixinados fora da actividade normal da entidade incluídos na partida "Outros resultados" da conta de resultados abreviada ascenden a un ingreso de 154.154 euros. Nesta partida recóllense ingresos excepcionais por importe de 385.220 euros correspondentes fundamentalmente á execución dun aval coa UTE Campo Lombao, S.L., Europizarras, S.A. e Iberoitaliana de Pizarras, S.A. por incumprimento de contrato de subministro de pedra para construción dos edificios da Cidade da Cultura de Galicia e á regularización de determinados saldos acredores. Ademais recolle en concepto de gastos excepcionais por importe de 231.066 euros correspondentes a regularización de gastos de persoal derivados da incorporación de persoal por sentencias do tribunal do social, axustes na provisión polas demandas de laboralidade de profesionais da fundación, rescisión de contrato con Euroconsulting, e regularización de acredores.

No exercicio anterior, os resultados orixinados fora da actividade normal da entidade incluídos na partida "Outros resultados" da conta de resultados abreviada ascenderon a un gasto 509.342 euros que recollía gastos excepcionais por importe de 523.900 euros correspondentes a axuste na provisión polas demandas de laboralidade de profesionais da fundación, xuros pola liquidación final do museo e gastos de exercicios anteriores.

14 - PROVISIÓNS E CONTINXENCIAS

Provisións recoñecidas no balance:

A análise do movemento deste epígrafe do balance durante o exercicio é o seguinte:

Estado de movementos das provisións exercicio 2016	Outras provisións	TOTAL
SALDO INICIAL DO EXERCICIO 2016	764.419	764.419
(+) Dotacións	95.480	95.480
SALDO FINAL DO EXERCICIO 2016	859.899	859.899

Baixo o epígrafe "Provisións a longo prazo" inclúense as seguintes provisións:

- Provisión para responsabilidades que, de acordo co criterio dos asesores legais da Fundación foi dotada inicialmente no ano 2014 para cubrir as eventuais responsabilidades derivadas das reclamacións presentadas perante a xurisdición laboral de distintos provedores da Fundación vencellados atención os visitantes. Dita provisión actualizouse no exercicio 2015 para incorporar o risco derivado de novas demandas presentadas por outros prestadores de servizos na que reclaman a laboralidade da súa relación contractual coa Fundación. No presente exercicio actualízase a provisión para recoller as posibles responsabilidades adicionais das demandas

presentadas anteriormente.

- Provisión para impostos, foi dotada no exercicio 2014 para cubrir o risco derivado da acta de inspección levantada polo IVE do exercicio 2.012 motivada polo cambio de criterio da Administración Tributaria respecto do IVE soportado en certas operacións realizadas pola Entidade. A data do peche do exercicio actual a acta está recorrida no Tribunal Económico Administrativo e pendente da súa resolución.

15 - INFORMACIÓN SOBRE MEDIO AMBIENTE

A xerente da Fundación manifesta que na contabilidade correspondente ás presentes contas anuais non existe ningunha partida de natureza medioambiental que deba ser incluída na Memoria dacordo ás indicacións da terceira parte do Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos (Resolución de 26 de marzo de 2013, 10 de abril de 2013).

16 - SUBVENCIONS, DOAZONS E LEGADOS

O importe e características das subvencións, doazóns e legados recibidos que aparecen no balance, así como os imputados na conta de resultados do exercicio se detallan a continuación:

Descrición	Entidade Concedente	Tipo Administración	Ano concesión	Importe concedido	Saldo a inicio	Entradas	Imputación PL	Saldo a cierre
Subvencións de capital	Xunta de Galicia	Autonómica	2004-2016	241.957.346	202.749.774	3.964.700	(8.120.693)	198.593.781
Subvencións de capital	AMTEGA	Autonómica	2015-2016	348.413	225.566	122.847	-	348.413
Subvencións de capital	Varios	Varios	Varios	4.542.457	4.542.457	-	-	4.542.457
Subvencións de capital	Diputación da Coruña	Provincial	2016	3.003	-	3.003	-	3.003
Legados	Privada		2011-2014	7.382.345	7.382.345	-	-	7.382.345
Legados	Privada		2015	14.633.083	13.133.083	-	(1.500.000)	11.633.083
TOTAL				268.866.647	228.033.225	4.090.550	(9.620.693)	222.503.082

Durante o exercicio 2016 non houbo doazóns de persoas físicas.

O importe e características das subvencións, doazóns e legados recibidos que aparecen no balance, así como os imputados na conta de resultados do exercicio anterior detallanse a continuación:

Descrición	Entidade Concedente	Tipo Administración	Ano concesión	Importe concedido	Saldo a inicio	Entradas	Imputación PL	Saldo a cierre
Subvencións de capital	Xunta de Galicia	Autonómica	2004-2015	237.992.644	208.605.560	2.727.065	(8.582.853)	202.749.772
Subvencións de capital	AMTEGA	Autonómica	2015	225.566	-	225.566	-	225.566
Subvencións de capital	Varios	Varios	Varios	4.542.457	4.542.457	-	-	4.542.457
Legados	Privada		2011-2014	7.382.345	7.382.345	-	-	7.382.345
Legados	Privada		2015	14.633.083	-	14.633.083	(1.500.000)	13.133.083
TOTAL				264.776.095	220.530.362	17.585.714	(10.082.853)	228.033.223

Durante o exercicio 2015 non houbo doazóns de persoas físicas.

A análise do movemento do contido da partida correspondente do balance se desglosa nos seguinte cadro:

Movemento	Importe 2016	Importe 2015
Saldo ó inicio do exercicio	228.033.223	220.530.362
(+) Recibidas no exercicio	4.090.551	17.585.714
(-) Subvencións traspasadas resultado exercicio	(9.620.692)	(10.082.853)
Saldo ó peche do exercicio	222.503.082	228.033.223

O movemento das débedas transformables en subvencións, doazóns e legados rexistradas na partida B.II.5 do pasivo do balance "Outros pasivos financeiros" a longo e na partida C.III.5 do pasivo do balance "Outros pasivos financeiros" a curto prazo se reflexa no seguinte cadro:



EXERCICIO 2016

MOVEMENTOS DAS PARTIDAS DO BALANCE, EXERCICIO 2016				
Subvencións, doazóns e legados	Saldo inicial	Aumentos	Diminucións	Saldo final
522. Deudas a lp transformables en subvencións, donacións y legados		154.885	122.847	32.038
TOTAIS	0	154.885	122.847	32.038

O padroado considera que se cumpriron, y se prevén cumprir no futuro, as condicións establecidas nas correspondentes resolucións de concesión das citadas subvencións, para que as mesmas se consideren definitivas.

17 - ACTIVIDADE DA ENTIDADE. APLICACIÓN DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS A FINS PROPIOS. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN

17.1. Actividade da entidade

ACTIVIDADE 1

A) Identificación.

Denominación da actividade	ACCIÓN CULTURAL
Tipo de actividade	ACTIVIDADE PROPIA
Identificación da actividade por sectores	E01
Lugar de desenvolvemento da actividade	SANTIAGO DE COMPOSTELA

Descrición detallada da actividade realizada

Desenvolvemento da programación cultural para o ano 2016, distinguindo entre actividades expositivas, musicais e escénicas, familiares, as relacionadas coas letras e pensamento, e as actividades propias de intercambio. Inclúe as actividades didácticas, así como as visitas guiadas. Concretamente, as actividades realizadas resúmense nos seguintes proxectos:

Exposicións

José Suárez. Uns ollos vivos que pensan

DATAS: do 13 de novembro de 2015 ao 27 de marzo de 2016
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 10.851 persoas no ano 2016
 COMISARIOS: Xosé Luís Suárez Canal e Manuel Sendón
 DESEÑO DA MONTAXE: Alfonso Penela

A personalidade do galego José Suárez (Allariz, 1902 - A Guarda, 1974) é singular dentro da historia da fotografía española. Posuidor dunha nova ollada nunha época marcada pola visión costumista, e dunha sólida formación intelectual, a figura de José Suárez é tan novidosa como descoñecida para o gran público. O Museo Centro Gaiás pretendeu, a través desta mostra, recuperar unha figura clave da fotografía do século XX e reivindicar a cultura galega máis alá das nosas fronteiras.

Nun momento no que se están a reformular as bases para a historia da fotografía, o Museo Centro Gaiás considerou clave recuperar a obra de José Suárez e mostrala dun modo amplo e itinerante, incluíndo, por primeira vez, o material recuperado recentemente en Venezuela. A exposición recolleu unha selección de imaxes das súas diferentes series fotográficas, así como publicacións, diarios persoais, cartas, catálogos, obxectos persoais e toda clase de elementos que permiten situar a súa obra no contexto no que foi realizada.

O catálogo da mostra, cun total de 464 páxinas, tivo unha tiraxe de 1.000 exemplares trilingües (galego/castelán/inglés) e contou con textos de Manuel Sendón, Xosé Luís Suárez Canal, Juan Manuel Bonet e Alberto Martín.

A exposición tamén estivo en itinerancia este ano en Madrid, Bos Aires e Montevideo; en 2017 poderá visitarse no Instituto Cervantes de París.



Con-Fío en Galicia. Vestir Galicia, vestir o mundo

DATAS: do 11 de marzo ao 11 de setembro de 2016

ESPAZO: 1º e 2º andar, Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 30.187 persoas

COMISARIO: Miguel Anxo Seixas Seoane

DESEÑO DA MONTAXE: Pepe Barro en colaboración con Oja Arquitectura, Olivia Fernández Feijoo e Francisco Javier Rodríguez García.

A Cidade da Cultura de Galicia converteuse nunha pasarela de moda na que se mostrou o peso do téxtil galego no mundo a través desta exposición, unha homenaxe a un sector que conseguiu situar Galicia nun lugar de referencia no panorama internacional.

Cun total de 300 pezas, a mostra ofreceu un percorrido por un sector estratéxico, constituído por 300 empresas que dan emprego a unhas 13.000 persoas e que representan o 6,5% da riqueza da comunidade. Uns 100 *looks* singulares da moda feita en Galicia, reinterpretacións contemporáneas de indumentarias históricas, valiosas coleccións privadas e unha selección de material fotográfico e audiovisual guiaron o visitante polos fitos máis destacados da nosa historia téxtil.

A mostra puxo o foco en momentos claves do noso sector téxtil: a eclosión que se viviu nos anos 80 en Galicia coa famosa *La arruga es bella* de Adolfo Domínguez; as creacións de Roberto Verino, Antonio Pernas ou o grupo Galicia Moda (Gene Cabaleiro, Florentino, Caramelo, María Moreira, María Mariño...); e o fenómeno Inditex, hoxe primeiro grupo téxtil do mundo. Xunto a eles, destacados valores do deseño actual como Sara Coleman, Eva Soto ou José Castro, que visten a íconas como Lady Gaga ou as protagonistas de *Sexo en Nueva York*.

O catálogo da mostra, cun total de 358 páxinas, tivo unha tiraxe de 800 exemplares (galego/castelán e inglés) e contou con textos de Juan M. Monterroso Montero, Lola Dopico Aneiros, Belén Sáenz Chas, Pegerto Saavedra Fernández ou Manuel Rodríguez Calviño.

Quefaceres e equilibrio de Sonia Navarro

DATAS: do 2 de xuño ao 21 de agosto de 2016

ESPAZO: Torres Hedjuk

COMISARIA: Susana González

Coa costura como *leitmotiv* de toda a súa carreira artística, Sonia Navarro propuxo, no marco da exposición *Con-Fío en Galicia*, esta intervención, unha proposta plástica intimamente vencellada á tradición familiar dos oficios femininos que xirou arredor do papel social da muller e da costura como símbolo de resistencia.

Coa súa acción-proceso, Navarro afrontou a costura como un acto de curación e como punto de encontro para a reconstrución da memoria, apelando tamén no seu discurso argumental á tradición téxtil no ámbito doméstico e á reivindicación da muller como peza fundamental da estrutura familiar. Sonia Navarro reflexionou sobre os estereotipos no papel social de muller, potenciando a capacidade crítica desta proposta pensada para a Cidade da Cultura.

Rostros do país. Xurxo Lobato

DATAS: do 15 de xullo ao 18 de setembro de 2016

ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia

ASISTENTES: 12.160 persoas

O fotógrafo galego Xurxo Lobato presentou nesta exposición un retrato colectivo de Galicia a través de 70 fotografías de gran formato, especialmente realizadas para este proxecto; máis unha instalación complementaria formada por máis de 1.443 pequenos retratos, algúns feitos polo propio fotógrafo e outros enviados nun proceso colaborativo, que conformaron un mapa xigante de Galicia.

A escolma permitiu compoñer unha visión inspiradora de Galicia, onde mulleres e homes que alcanzaron metas salientables na cultura, na ciencia, na empresa ou no deporte comparten protagonismo con persoas anónimas que simbolizan os milleiros de galegos e galegas que fan medrar día a día este territorio. Unha radiografía da Galicia actual segundo a mirada do fotoxornalista galego Xurxo Lobato.

Homo Ludens

DATAS: do 1 de setembro ao 27 de novembro de 2016

ESPAZO: Torres Hedjuk



Da autoria de Miguel Ángel Benjumea e Román Corbato, esta intervención foi o proxecto gañador da III Convocatoria de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk, certame organizado pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia e aberto a todos os participantes do V Encontro de artistas novos.

Os artistas converteron as Torres Hejduk nun lugar propicio para o acontecemento lúdico, revelando dinámicas relacionais e reinventando o seu interior nun espazo propiciatorio de situacións. Unha intervención *in situ* que se abre cara a formas novas de concibir as relacións co medio natural, a través de territorios de aire que apelan ás marxes e confins do lecer, transformando as torres nun espazo colectivo temporal.

Camilo José Cela (1916-2016). O centenario dun Nobel. Un libro e toda a soidade

DATAS: do 18 de novembro de 2016 ao 19 de febreiro de 2017

ESPAZO: 3º andar, Museo Centro Gaiás

COMISARIO: Adolfo Sotelo Vázquez

DESEÑO DA MONTAXE: Marta Villar Sanjurjo

ASISTENTES: 3.234 persoas

A mostra chegou á terra natal do escritor despois do éxito do seu paso pola Biblioteca Nacional de España. Comisariada por un dos maiores especialistas na obra de Cela, a exposición conforma un retrato poliédrico do Nobel, amosando a súa actividade non só como novelista, senón tamén como xornalista, editor, dramaturgo, actor, pintor ou coleccionista, nun intento de achegarlle ao visitante a potencia creativa do autor.

Un total de 600 pezas, entre as que salientan manuscritos e primeiras edicións das novelas que o fixeron merecedor do Nobel, do Cervantes, do Príncipe de Asturias e de decenas de galardóns. A mostra presenta tamén unha escolla de obxectos persoais que permiten explorar o universo psicolóxico do novelista, dando testemuña das súas ricas relacións persoais e da súa actividade como editor e activista cultural. O percorrido complétase con curiosidades, como fragmentos de películas nas que traballou e información sobre as súas numerosas coleccións.

Nesta exposición a Cidade da Cultura colaborou coa Fundación Pública Galega Camilo José Cela e con Acción Cultural Española.

Música e escena

Escenas do cambio. Festival de inverno de teatro, danza e arte en acción

DATAS: do 28 de xaneiro ao 13 de febreiro de 2016

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 29

ASISTENTES: 3.063 persoas

Con esta actividade, o Museo Centro Gaiás volveu abrir as portas á creación escénica contemporánea. Máis de 20 propostas diferentes con creadores (autores, intérpretes e coreógrafos) de gran relevancia no panorama internacional contemporáneo, como Jérôme Bell ou Joana Craveiro. Ademais, o festival permitiu poñer o foco sobre o traballo de artistas galegos que están a construír unha carreira artística sólida fóra da nosa comunidade, como a bailarina Janet Novás, a quen se lle dedicou unha pequena retrospectiva. Rendéuselle tamén unha homenaxe a unha das obras clave da literatura galega: *Os Eidos*, de Uxío Novoneyra.

Esta segunda edición reuniu na Cidade da Cultura unha vintena de programadores de festivais e teatros nacionais e internacionais, como o Festival Materiais Diversos de Minde (Portugal), o Teatro Rivoli de Porto (Portugal), MS Scène Nationale de Montbéliard (Francia), Marche Teatro de Ancona (Italia), o Festival BAD de Bilbao, o Festival TNT de Tarrassa, o Centro Párraga de Murcia, o Centro de Ciencias Humanas e Sociais do Consello Superior de Investigacións Científicas en Madrid ou El Graner de Barcelona.

O festival foi presentado polo seu director, Pablo Fidalgo, no marco da 42ª edición da Feira do Libro de Buenos Aires, que contou coa cidade de Santiago de Compostela como convidada especial.

PROGRAMA

- XOV. 28: 18.30 h *Tijuana (La democracia en México 1965-2015)*. Lagartijas Tiradas al Sol. 20.30 *Jaguar*. Marloné Monteiros Freitas. 20.30 h *Europa na casa*. Rimini Protokoll.
- VEN. 29: 20.30 h *Don Juan*. Voadora.
- SÁB. 30: 18.30 h *Archive*. Arkadi Zaldes. 20.30 h *Cédric Andrieux*. Jérôme Bell. 20.30 h *Europa na casa*. Rimini Protokoll.

- DOM. 31: 18.15 h *Veronique Doisneau*. Jérôme Bell. 20.30 h *Europa na casa*. Rimini Protokoll.
- LUN. 1: 20.30 h *Europa na casa*. Rimini Protokoll.
- MAR. 2: 20.30 h *Europa na casa*. Rimini Protokoll.
- MÉR. 3: 18.30 h *Um museu vivo de memórias pequenas e esquecidas*. Joana Craveiro/Teatro do Vestido. 20.30 h *Europa na casa*. Rimini Protokoll.
- XOY. 4: 16.30 h *¿De qué otra cosa podríamos hablar?* Areta Bolado, Carolina Fernández, Diana Mera e Tito Asorey. 18.30 h *Ensaio amor*. Nuria Sotelo. 20.30 h *Insulto ao público*. Uxia Vaello e Borja Fernández. 20.30 h *Europa na casa*. Rimini Protokoll.
- VEN. 5: 16.30 h *¿De qué otra cosa podríamos hablar?* Areta Bolado, Carolina Fernández, Diana Mera e Tito Asorey. 18.30 h *Barrunto*. Patricia Caballero. 20.30 h *Mordedores*. Lucía Russo e Marcela Levi. 20.30 h *Europa na casa*. Rimini Protokoll.
- SÁB. 6: 18.30 h *In-Organic*. Marcela Levi. 20.30 h 55. Radouan Mriziga. 20.30 h *Europa na casa*. Rimini Protokoll.
- DOM. 7: 16.00 h *Ler e bailar. Os Eidos*. Idola Zabaleta. 18.30 h *Le Cargo*. Faustin Linyekula. 20.30 h *Ottob*. Bouchra Ouizguen / Compagnie O. 20.30 h *Europa na casa*. Rimini Protokoll.
- XOY. 11: 18.30 h *Cara Pintada*. Janet Novás. 20.30 h *Altered natives Say Yes To Another Excess - TWERK*. Cecilia Bengolea e François Chaignaud.
- VEN. 12: 18.30 h *Who will save me today?* Janet Novás.
- SÁB. 13: 18.30 h *Si pudiera hablar de esto no haría esto*. Janet Novás. 20.30 h *Afectos*. Rocio Molina e Rosario La Tremendita.

Orquestra de Jazz de Galicia. Día da Música

DATAS: 18 de xuño de 2016

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 1

ASISTENTES: 400 persoas

A Cidade da Cultura celebrou o Día da Música reunindo nun mesmo concerto música tradicional e contemporánea coa Orquestra de Jazz de Galicia (Premio Martín Códax da Música 2016 ao mellor proxecto galego de jazz e músicas improvisadas), que interpretou no Museo Centro Gaiás os temas do seu primeiro traballo discográfico, *Fame*.

Formada por algúns dos máis importantes músicos da escena galega actual nos eidos do jazz, a música sinfónica e a música tradicional, a Orquestra de Jazz de Galicia, da man dos directores Roberto Somoza e Pedro Lamas, trouxo ao Gaiás temas populares galegos de tradición oral e que dialogaron sobre o escenario coa música improvisada contemporánea. Unha das xoias das que o público puido gozar foi *O toque de chifre de Faramontaos*, rexistrada en 1952 polo musicólogo estadounidense Alan Lomax nunha aldea de Ourense e que Miles Davis e Gil Evans converteron na mundialmente coñecida *The Pan Piper*.

Atardecer no Gaiás

DATAS: do 7 de xullo ao 27 de agosto de 2016

ESPAZO: Praza exterior da Cidade da Cultura

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 22

ASISTENTES: 8.700 persoas

Música, solpor e unha atmosfera única. O ciclo, que se celebra os xoves, venres e sábados dos meses de xullo e agosto, púxolles banda sonora ás tardiñas do verán. A praza central converteuse no escenario dun total de 22 actuacións en pequeno formato con grandes nomes galegos, nacionais e internacionais, como Mc Enroe, Novedades Carminha, Alondra Bentley, Bifannah, Selvática, Marc Jonson con Ramirez Exposure e Skylar, Papaya, Orquesta de Cámara Galega, Os amigos dos músicos, La familia del Árbol, Chancha Via Circuito, Noiserv, Cuerpo Astral, Mucho, The Limboos, Diola e Kill Kill, The Soul Jacket e os grupos gañadores do Xuventude Crea (Diariodeverano e Fripp & Kite).

I Festival de Bandas Infantis e Xuvenís

DATAS: 10 de xullo de 2016

ESPAZO: Praza exterior da Cidade da Cultura

ASISTENTES: 1.800 persoas

A Cidade da Cultura acolleu o 10 de xullo o I Festival de Bandas Infantis e Xuvenís de Galicia, no que un total de 12 formacións interpretaron o repertorio elixido para a ocasión. O festival rematou cunha actuación conxunta de todas as agrupacións, que interpretaron sobre o escenario da praza central o himno galego.



O I Festival de Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia, organizado pola Federación Galega de Bandas de Música Populares en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, naceu para dar a coñecer o traballo das formacións máis novas das bandas de música galegas, ao tempo que se fomenta unha xornada de convivencia entre os seus compoñentes, que veñen de toda a xeografía galega e co nexo común do seu amor pola música.

As bandas participantes foron: Banda Infantil da Unión Cultural de Campo Lameiro, Banda Xuvenil da Unión Musical Pontevedresa, Banda da Escola da Agrupación Musical do Rosal, Banda Xuvenil da Banda Artística de Merza, Xoven Banda Municipal de Valga, Banda Xuvenil da Cultural de Teo, Banda Infantil da Agrupación Musical de Vincios, Banda Infantil e Xuvenil de Antas de Ulla, Banda Xuvenil de Santa Cruz de Ribadulla, Banda da Escola de Música de Valladares, Sons e Soños (Rábade-Begonte-Outeiro) e Banda de Música de Visantón.

Magosto no Gaiás

DATAS: 19 de novembro de 2016

ESPAZO: Planta -1 do Museo Centro Gaiás.

ASISTENTES: 300 persoas

Boa música e castañas. Estes volveron ser os ingredientes do Magosto no Gaiás deste ano, con degustación de tapas e concerto de Caxade.

Os cociñeiros Kike Piñeiro e Eloy Cancela, do restaurante A Horta do Obradoiro, e Manel Oliveira, da Tapería Castela, elaboraron en directo, en colaboración coa IXP Castaña de Galicia, diferentes tapas con este produto como elemento principal. Tras a degustación, Caxade presentou o seu segundo traballo, *E isto é o amor*, unha proposta *indie-folk* –elegante, modesta e sinxela–, do seu surrealismo posmodernista e do seu discurso reivindicativo, metafórico e irónico.

En familia

Nadal no Gaiás 2015-2016. Cancións por regalos

DATA: 2 de xaneiro de 2016

ESPAZO: Planta -1 do Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 620 persoas

Levar un regalo, gozar da música e facer feliz un neno. Da man de Ernie Producciones, en xaneiro volveu ao Gaiás *Cancións por regalos*, onde os máis pequenos puideron achegarse ao mellor pop do momento xunto aos seus pais a cambio dunha entrada simbólica. As actuacións correrán a cargo de Furious Monkey House, Eladio Santos e Sleeping Cat, que presentaron actuacións cheas de chiscadelas ao público infantil.

Nexos Infantil

DATAS: 16 de xaneiro, 20 de febreiro, 23 de abril, 28 de maio e 17 de decembro de 2016

ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 5

ASISTENTES: 230 persoas

As actividades de Nexos Infantil concíbense como exercicios de achegamento ás liñas de creación e conceptuais das temáticas que se tratan nas sesións adultas do ciclo Nexos, desde unha ollada infantil. O obxectivo é introducir a relación entre a literatura, as artes e os diferentes aspectos da vida que se inclúen no ciclo, transmitindo a idea de que a través da cultura e da expresión artística podemos entender a realidade, transformala e melloralas. Trátáronse as seguintes temáticas: *Do realismo no cine ao xénero documental* (16 de xaneiro), *Novísimas miradas na arquitectura galega* (20 de febreiro), *Últimos días con Shakespeare e Cervantes* (23 de abril), *O turismo: entre o parque de atraccións e as invasións bárbaras* (28 de maio) e *Do Marqués de Bradomín a Max Estrella: Imaxes dun Aristócrata* (17 de decembro).

Findes na balea

DATAS: do 21 de novembro de 2015 ao 6 de marzo de 2016

ESPAZO: Aula Didáctica do Museo Centro Gaiás



NÚMERO DE ACTIVIDADES: 11

ASISTENTES: 359 persoas

A Cidade da Cultura convidou a nenos e nenas a subir ao Galás durante as fins de semana e converterse en grandes artistas. Co programa lúdico Findes na balea, as cativas e cativos puideron experimentar coa fotografía mentres que os maiores tiñan a oportunidade de achegarse á mostra da Cidade da Cultura *José Suárez. Uns ollos vivos que pensan*, que percorreu a vida e a obra do fotógrafo galego.

Os sábados, os nenos e as nenas tiveron a oportunidade de achegarse á fotografía, coñecer a súa historia e experimentar coas diferentes técnicas na ludoteca. Os domingos, Findes na balea ofreceu obradoiros fotográficos nos que as imaxes de José Suárez foron fonte de inspiración artística.

Baile de Entroido

DATA: 8 de febreiro de 2016

ESPAZO: Salón de Convencións do CINC

ASISTENTES: 300 persoas

Coincidindo co inicio do novo ano chinés, a Cidade da Cultura aproveitou o Baile de Entroido para renderlle unha homenaxe a esta cultura. Houbo unha representación da danza do león, baile habitual nos festexos da celebración do novo ano en China e nas réplicas que se celebran en todo o mundo, con músicos en directo que acompañaron aos catro acróbatas que executaron a danza baixo dúas estruturas en forma de leóns, movéndose entre o público para repartir sorte. O Baile de Entroido chinés contou coa música en directo da banda para nenos A Gramola Gominola, que fixo un repaso pola historia da música moderna, do punk, heavy metal, pop, blues, ao reggae e ao rock.

Báilalle á primavera

DATA: 29 de abril de 2016

ESPAZO: Planta -1 do Museo Centro Galás

ASISTENTES: 275 persoas

A Cidade da Cultura convidou os visitantes a recibir a primavera bailando. Coincidindo co Día Internacional da Danza, o Museo Centro Galás vestiuse de cores para vivir unha tarde chea de música e baile. A celebración comezou cun obradoiro de balde no que aprender a bailar danzas galego-portuguesas e continuou co concerto de Pesdelán. Coas súas actuacións, Pesdelán pretende recuperar o espírito das festas e integrar todas as persoas sen importar a súa idade, condición física ou experiencia, mediante a aprendizaxe de bailes e xogos sinxelos.

Día dos Museos

DATA: 21 de maio de 2016

ESPAZO: Museo Centro Galás

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 11

ASISTENTES: 656 persoas

A Cidade da Cultura celebrou o sábado 21 de maio o Día Internacional dos Museos cun programa de actividades arredor do mundo da moda, o téxtil e a arte, pensado para gozar en familia. Baixo o lema *Museos e paisaxes culturais* e no marco da exposición *Con-Fío en Galicia*, a Cidade da Cultura convidou os visitantes a aproximarse á cultura galega a partir da moda e o téxtil nunha xornada dedicada á creatividade e á tradición.

Así, o Museo Centro Galás ofreceu a posibilidade de ser artista por un día e fabricar un tecido colectivo, coñecer de primeira man o proceso tradicional da elaboración do liño ou a la, descubrir de onde vén a seda, facer da roupa usada unha obra de arte, participar nunha ilustración xigante, divertirse cos contos de Montse Rivera ou elaborar as prendas do futuro.

Deseños minúsculos, valores maiúsculos

DATA: martes 5, 12, 19 e 26 de xullo de 2016



ESPAZO: Museo Centro Gaiás

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 4

ASISTENTES: 120 persoas

A Cidade da Cultura levou a cabo todos os martes do mes de xullo un laboratorio de creatividade para os máis pequenos. Foi a través dos obradoiros *Deseños minúsculos, valores maiúsculos*, cos que se buscou potenciar a curiosidade das nenas e nenos polo deseño, estimular o seu talento creativo e sacar a relucir as súas aptitudes artísticas da man de destacados profesionais da ilustración, a artesanía, a moda e o deseño.

Os obradoiros foron conducidos por Lois Guillán, creador da firma Cucuducho, e desenvóléronse en catro sesións individuais artelladas arredor da exposición *Con-Fío en Galicia*: Debuxar (co ilustrador Carlos Arrojo), Argallar (coa deseñadora industrial Beatriz Lema), Enredar (coa artesá Idoia Cuesta) e Artellar (coa deseñadora de moda Sara Coleman).

Cidade Imaxinaria

DATA: 20 de agosto de 2016

ESPAZO: Praza exterior

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 21

ASISTENTES: 10.500 persoas

Equilibristas, pallasos, malabaristas e personaxes do máis curioso déronse cita o sábado 20 de agosto, día no que o Gaiás volveu converterse nunha Cidade Imaxinaria. Todo un día cheo de espectáculos, xogos e obradoiros ao aire libre para toda a familia, dedicado ao mundo da maxia, o teatro e o xogo nun ambiente cheo de cor, humor e música no que gozaron grandes e pequenos.

A programación contou cos seguintes espectáculos fixos e itinerantes: *Bambalas, Cabaret Elegance, Oopart, Impreuna, Flashmob Dance Bollywood, Pete&Pat, Traps, Os Bregadiers e Bangaluru*. Ademais, realizáronse os seguintes xogos e obradoiros: *Garabato de bicicletas, Trans Ludo Express, Corazón xigante, A Berdinguette, Illote dos cativos, Macroxicana Con-Fío en Galicia, e Escola de circo en familia*.

Safari de outono

DATA: 24 de setembro de 2016

ESPAZO: Bosque de Galicia e Salón de Convencións CINC

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 2

ASISTENTES: 300 persoas

A Cidade da Cultura deulle a benvida ao outono coa celebración dunha xornada para toda a familia na que explorar o Bosque de Galicia para despois bailar ao son dos ukeleles da Ukestra do Medio. A xornada arrancou co Safari Verde, unha xincana coa que descubrir a flora do Bosque de Galicia, para compartir despois o Pícnic Musical no edificio CINC, no que os músicos da Ukestra do Medio amenizaron a merenda dos máis pequenos cos seus ukeleles e con clásicos do rock, country, swing, pop, cancións tradicionais galegas, fados, cumbias, tangos e bossanovas.

Un magosto de medo

DATA: 5 de novembro de 2016

ESPAZO: Hall de Tirantes e Cantina do Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 120 persoas

O Museo Centro Gaiás acolleu *Un magosto de medo*, no que os participantes elaboraron o tradicional rosario de zonchos, o colar de castañas cocidas típico do Día de Defuntos. E antes de comezar coa contada de medo, centrada no outono, o Samaín, a noite de Defuntos, e a Santa Compañía, nenos e maiores tñaron a cara tal e como manda a tradición dos magostos. A narradora Raquel Queizás encargouse de descubrilles aos participantes contos tradicionais, lendas de cada recuncho do país, adaptacións de contos de autor e historias propias nas que todos foron protagonistas.



Compostela ilustrada

DATA: 12 de novembro de 2016

ESPAZO: Sala Seminarios do Museo Centro Gaiás e exteriores da Cidade da Cultura de Galicia

ASISTENTES: 40 persoas

O I Encontro Internacional de Cadernos de Viaxe Compostela Ilustrada trouxo á Cidade da Cultura o ilustrador gaditano Joaquín González Dorao, quen lles aprendeu aos asistentes como enfrontarse a un caderno en branco para debuxar, propoñéndolles deixarse levar polas formas dos edificios da Cidade da Cultura —liñas curvas, dobres alturas, flestras infinitas, ausencia de cor, natureza, paisaxe, vistas da cidade...— a través da técnica deste prestixioso debuxante para lograr reproducir de maneira sinxela o complexo deseñado polo arquitecto Peter Einsenman.

Nadal no Gaiás

DATAS: do 23 ao 30 de decembro de 2016

ESPAZO: Planta -1 Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 732 persoas

A Cidade da Cultura ofreceu un programa de actividades para pasar o Nadal en familia rodeados de música, creatividade e diversión. O programa musical comezou o 23 de decembro con *El sastrecillo valiente*, un clásico dos hermanos Grimm convertido nun espectáculo musical para monicreques, ofrecendo unha versión contemporánea dun conto de sempre. O ritmo continuou o 28 de decembro co serán *Nadal rock*, velada musical na que grandes e pequenos aprenderon a mover as cadeiras ao ritmo do rock and roll e gozaron cos temas interpretados por unha das bandas rockabilly con máis sona de Galicia: Mad Martin & The Blue Christmas Combo. Organizáronse tamén visitas familiares á exposición *Camilo José Cela (1916-2016). O centenario dun Nobel. Un libro e toda a soidade* con percorridos adaptados para grandes e pequenos. E, como cada ano, a Cidade da Cultura tamén convocou o Concurso de postais.

Letras e Pensamento

Nexos

DATAS: 16 de xaneiro, 20 de febreiro, 23 de abril, 28 de maio e 17 de decembro de 2016

ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 5

ASISTENTES: 600 persoas

O ciclo de cultura contemporánea Nexos regresou en xaneiro de 2016 da man de Marcos Lorenzo, propoñendo un diálogo entre temáticas tan variadas como o cinema documental, a arquitectura, a historia da literatura e o turismo. Nestas sesións combináronse relatorios a cargo de destacados expertos con actuacións artísticas sorprendentes, nas que non faltaron estreos de espectáculos creados en exclusiva para o ciclo.

- 16 de xaneiro: *Do realismo no cine ao xénero documental*. Con Gracia Querejeta e a proxección das curtametraxes documentais: *Galicia*, peza de Carlos Velo, e *Ser e voltar*, de Xacio Baño.
- 20 de febreiro: *Novísimas miradas na arquitectura galega*. Coas relatoras Guadalupe Piñera e Elisabeth Abalo, e o espectáculo poético-musical *O lugar que non hai*, composto en exclusiva para Nexos polo pianista Pablo Seoane e o poeta Estevo Creus.
- 23 de abril: *Últimos días con Shakespeare e Cervantes*. Co relator Ignacio Vidal-Folch e o concerto *Músicas arredor de Cervantes e Shakespeare* a cargo do Grupo 1500 de Música Antiga.
- 28 de maio: *O turismo: entre o parque de atraccións e as invasións bárbaras*. Co relator Lluís Bonet e o teatro cómico da man de Mofa e Befa.
- 17 de decembro: *Do Marqués de Bradomin a Max Estrella: Imaxes dun Aristócrata*. Coa relatora Dianella Gambini e o concerto *Fake*, inspirado no ensaio de Valle-Inclán *La lámpara maravillosa*, a cargo de Pablo Seoane e Saúl Puga.

Verso busca voz. Día das Letras Galegas

DATA: 17 de maio de 2016

ESPAZO: Sala Eisenman



NÚMERO DE ACTIVIDADES: 2

ASISTENTES: 98

A Cidade da Cultura celebrou o Día das Letras Galegas rendéndolle homenaxe a Manuel María a través dun espectáculo multimedia que incluíu versos, video-creación e música en directo. Un recital colectivo no que, ademais de poñerles voz aos poemas preferidos de Manuel María, se puido gozar en directo coas improvisacións sonoras de Korolev (Roberto Casteleiro) e as videocreacións de DSK (Juan Lesta e Belén Montero). Previamente, a Cidade da Cultura acolleu o *Obradoiro de poesía e rap* a cargo de Für alle Falle (Iñaki López e Vanesa Castro) para rapaces a partir de 8 anos no que, partindo dos versos de Manuel María, realizaron as súas propias creacións. A xornada concluíu cun aperitivo literario.

Nexos convida a... Nélda Piñón

DATA: 4 de outubro de 2016

ESPAZO: Sala Eisenman

ASISTENTES: 40

Nexos convida a... ofrece un café de media tarde para dialogar con figuras de recoñecido prestixio das letras, das artes e do pensamento internacional de xira polo noso país. O martes 4 de outubro estableceuse un diálogo íntimo e directo coa escritora brasileira Nélda Piñón, Premio Príncipe de Asturias 2005. Da man da profesora Dolores Vilavedra, Nélda Piñón fixo un repaso pola súa traxectoria literaria e vital.

Intercambio

Xornada académica José Suárez: A ollada da dignidade

DATA: 16 de febreiro de 2016

ESPAZO: Sala Seminario Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 67 persoas

Unha xornada arredor da figura do fotógrafo galego José Suárez, ao abeiro da mostra retrospectiva da súa vida e obra do Museo Centro Gaiás. A xornada contou coa presenza de Juan Manuel Bonet, un dos nomes máis sólidos da crítica artística en España, que xunto a Xosé Luis Suárez Canal e Manuel Sendón, referencias na investigación da fotografía galega e comisarios da mostra, analizaron a obra de José Suárez e revisaron unha biografía na que se atopan moitas claves do seu traballo. Previamente, Alfonso Penela, representante da arquitectura galega máis contemporánea, fixo un percorrido guiado pola exposición, unha montaxe que conseguiu potenciar a expresividade do branco e negro das fotografías.

Encontro de bloggers. Con-Fío en Galicia

DATA: 12 de marzo de 2016

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 120 persoas

Con-Fío en Galicia abriu as súas portas cun encontro de máis de 100 bloggers de moda galegas que, ademais de asistiren a unha charla da deseñadora María Barros, coñeceron de primeira man a exposición do Museo Centro Gaiás. Uns 600 posts e máis dun millón de impresións avalan o éxito do evento que, ademais, deu pé á realización do *I Fashion Film de moda galega* en colaboración con Galicia de Moda.

Torneo Nacional de Debate

DATAS: do 8 ao 10 de abril de 2016

ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia

ASISTENTES: 97 persoas

A Cidade da Cultura de Galicia acolleu un ano máis o Torneo Nacional de Debate, no que equipos de toda España competiron por demostrar quen é o mellor na arte da oratoria. Durante as xornadas do venres e o sábado, os equipos enfrontáronse nas fases preliminares arredor dun tema elixido pola organización. A gran final tivo lugar o domingo na Biblioteca e Arquivo de Galicia da Cidade



da Cultura. O Gaiás ofreceuse, así, como escenario no que impulsar a cultura da oratoria e da retórica, a través dunha batalla dialéctica que contou tamén co apoio da Escola de Negocios Afundación.

Arte é moda

DATAS: 17 e 23 de abril, 8 e 15 de maio de 2016

ESPAZO: Aula Didáctica Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 54 persoas

A Cidade da Cultura puxo en marcha, da man de Aire Centro de Arte, e no marco da exposición *Con-Fío en Galicia*, a iniciativa *Arte é moda*, unha serie de obradoiros nos que recoñecidas artistas e novas creadoras como Chelo Matesanz, Melania Freire, Lula Goce e Carolina Cruz Guimarey convidaron a reinterpretar os conceptos de deseño, moda e téxtil para tecer, así, novos espazos no Museo Centro Gaiás. As pezas resultantes dos diferentes obradoiros deron lugar a unha mostra efémera que completou o discurso da exposición *Con-Fío en Galicia*.

Enocións by Ribeiro: Viño e moda

DATA: 1 de xuño de 2016

ESPAZO: Planta -1, Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 125 persoas

Da man do Consello Regulador de Denominación de Orixe Ribeiro, e coa presenza de Cristina Alcalá, xerente da D.O. Ribeiro, os asistentes a esta nova cita coa cultura vitícola tiveron a oportunidade de descubrir a Colección Coupage da deseñadora coruñesa María Barros que, inspirada no mundo do viño, foi maridada con catro caldos da D.O. Ribeiro: Adeus, de Bodegas GRM; Alberte, de Bodegas Nairoa; Alter, de Viña da Cal; e Expresión de Pazo do Mar, de Adegas Pazo do Mar. Os asistentes, ademais, gozaron dunha visita guiada á exposición *Con-Fío en Galicia*.

Xornadas académicas: Con-Fío en Galicia

DATAS: 6, 7, 8 e 9 de xuño de 2016

ESPAZO: Sala Seminarios Museo Centro Gaiás

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 3

ASISTENTES: 255 persoas

Con motivo da exposición *Con-Fío en Galicia*, a Cidade da Cultura organizou unhas xornadas coas que reflexionar sobre o mundo da moda desde múltiples vertentes: expositiva, artística, económica e social.

Da man de expertos nas diferentes disciplinas, as xornadas académicas abordaron tamén os aspectos máis materiais da moda –a produción téxtil, o deseño, a produción e a comercialización– e o seu papel fundamental como creadora de imaxe e de identidades persoais e colectivas. Deseñadoras como Sara Coleman, responsables de coleccións de museos como Guillermo Solana e creadores de imaxe como o fotógrafo Manuel Outumuro contribuíron a esta reflexión colectiva sobre o mundo da moda.

BlindWiki. Mapeando o invisible

DATAS: do 12 ao 16 de xullo de 2016

ESPAZO: Sala Seminarios Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 14 persoas

A Cidade da Cultura de Galicia puxo en marcha co creador visual Antoni Abad este taller dirixido a persoas con diversidade visual. A iniciativa buscou animar as persoas cegas ou con problemas de visión a compartir a través da arte as experiencias e dificultades que atopan na súa vida cotiá.

BlindWiki é un proxecto que pretende crear unha cartografía pública sensorial, un repositorio de historias creadas colectivamente, deseñadas para ofrecer unha perspectiva da paisaxe urbana tal e como a experimentan a diario os invidentes e as persoas con visibilidade reducida. Así, durante o obradoiro, organizáronse excursións de mapeado en grupo pola Cidade da Cultura e as rúas de Compostela, nas que os participantes rexistraron gravacións de audio xeolocalizadas. O mapa sonoro resultante da experiencia é accesible tanto desde os teléfonos móbiles mediante a aplicación blind.wiki, como desde a web do obradoiro.

BlindWiki chegou á Cidade da Cultura froito da colaboración de dúas empresas culturais situadas no Centro de Empréndemento do Gaiás: 7HCoop e Offmuseum.

Taller de análise de obra

DATA: 16 de xullo de 2016

ESPAZO: Sala Seminarios Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 15 persoas

7H Cooperativa Cultural e Offmuseum convocaron a primeira edición do *Taller de análise de obra* para todos os artistas e axentes culturais que quixeron participar deste espazo de confrontación e aprendizaxe do propio traballo a través da ollada crítica e construtiva doutros creadores. Todos os participantes seleccionados tiveron que presentarlle ao resto do grupo un histórico da súa obra, un balance do camiño percorrido e un punto de situación de onde estaban. Participantes, coordinadoras, artistas e comisarios e axentes culturais convidados, contribuíron a comparar e destacar aqueles aspectos que puidesen enriquecer o traballo do artista nun espazo de aprendizaxe colaborativo.

Ao longo do ano, unha mañá de sábado ao mes, o grupo reuniuse para participar na presentación e análise do traballo de dous dos artistas participantes. Cada persoa convocada dispoñía de 40 minutos, para na hora seguinte atender as análises, preguntas e debate do resto de participantes. Na sesión celebrada na Cidade da Cultura, o taller foi impartido polo artista Antoni Abad.

VI Encontro de artistas novos

DATAS: do 29 de agosto ao 1 de setembro de 2016

ESPAZO: Sala Seminarios Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 50 persoas

A Cidade da Cultura de Galicia acolleu a sexta edición do *Encontro de artistas novos*, no que un total de 40 creadores conviviron durante unha semana arredor da arte contemporánea. Os participantes contaron coa experiencia de artistas consolidados como Alicia Martín, Lino Lago e Ruth Montiel e compartiron espazo tamén con observadores que querían estar ao corrente das novidades dos artistas emerxentes e dos seus proxectos artísticos: Javier Díaz-Guardiola, Guillermo Espinosa, Ángel Calvo Ulloa e Nerea Ubieta foron os críticos e comisarios que, neste evento, actuaron de *art followers*.

Por vez primeira, o *Encontro de artistas novos* finalizou coa inauguración do proxecto gañador da anterior edición: *Homo ludens*, de Miguel Benjumea e Román Corbato. A través desta intervención, os dous participantes no V EAN converteron as Torres Hejduk nunha nova paisaxe dedicada ao lecer a través dunha *site specific* na que xogan con dous elementos clave: plástico e aire. Deste xeito, a través dunha arquitectura efémera baseada en dúas instalacións inchables, converten este espazo arquitectónico nun punto de encontro e socialización.

Womex

DATAS: do 19 ao 23 de outubro de 2016

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 10.000 persoas

Womex é a máis importante feira profesional de *world music* do mundo, segundo a Unesco, con músicas de raíz, folk, étnica, tradicional, alternativa e da diáspora. Desde 1994, Womex viaxou por toda Europa, pasando por Berlín, Bruxelas, Marsella, Estocolmo, Rotterdam, Essen, Newcastle, Sevilla, Copenhague, Tesalónica, Cardiff, Santiago de Compostela e Budapest.

A zona histórica de Santiago de Compostela e a Cidade da Cultura de Galicia acolleron esta vixésima segunda edición de Womex. Máis de 100 países, 300 músicos –entre eles os galegos Radio Cos, Xabier Díaz e Narf– e preto de 200 xornalistas achegáronse a Galicia para participar no maior evento internacional de músicas do mundo.

Así mesmo, a feira profesional Womex Day, que tivo lugar no recinto do Museo Centro Gaiás, contou coa presenza de 291 *stands* nos que se instalaron 717 compañías de 51 países; ademais da celebración de múltiples actividades, entre as que cabe salientar as 22 conferencias e os 95 relatores de 35 países.

Proxección exterior da Cidade da Cultura de Galicia

A Cidade da Cultura de Galicia desenvolveu en 2016 unha ampla programación para a súa proxección internacional como espazo de referencia de desenvolvemento cultural. No marco da Feira Internacional do Libro de Buenos Aires, na que Santiago de Compostela foi



cidade convidada, a Cidade da Cultura de Galicia presentou o seu proxecto de acción cultural e a programación internacional do *Encontro de artistas novos*, celebrado este mesmo ano en Arxentina e Castela e León. Por outra parte, a produción do Museo Centro Gaiás sobre o fotógrafo José Suárez iniciou tamén a súa itinerancia a Arxentina e Uruguai (véx. capítulo 11).

Aula Gaiás

Visitas didácticas á exposición *José Suárez. Uns ollos vivos que pensan*

DATAS: do 12 de xaneiro ao 23 de marzo de 2016

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 1.642 persoas

As visitas didácticas da exposición *José Suárez. Uns ollos vivos que pensan* permitiron facer un percorrido pola historia da fotografía, pero tamén pola cultura galega, as súas xentes, a intelectualidade de comezos de século e a diáspora, adaptando os contidos a todas as idades e ciclos educativos. Xunto coas visitas guiadas, as didácticas tiveron como principal atractivo a experimentación nun laboratorio fotográfico instalado no Museo Centro Gaiás, especialmente deseñado para os escolares.

Visitas didácticas á exposición *Con-Fío en Galicia. Vestir Galicia. Vestir o mundo*

DATAS: do 14 de marzo ao 9 de setembro de 2016

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 4.935 persoas

Coñecer a historia de Galicia a través da moda. Esta é a proposta que realizou a Cidade da Cultura a través das visitas didácticas para escolares, unha combinación de percorrido guiado e actividades lúdicas arredor da exposición pensada para os diferentes tramos educativos, desde infantil a bacharelato. A través da vestimenta (prehistórica, castrexa, medieval, renacentista ou do Romanticismo; ou de indumentaria civil, de diario, de festexo e tradicional) os escolares descubriron os diferentes períodos históricos e coñeceron as súas principais características. Ademais, os asistentes tiveron a oportunidade de realizar diferentes proxectos lúdicos, con actividades manuais e manexo das novas tecnoloxías, para descubrir como nos inflúe e nos condiciona a moda.

Visitas didácticas con motivo do Día Internacional da Auga

DATAS: 15 e 16 de marzo de 2016

ESPAZO: Aula Didáctica

ASISTENTES: 180 persoas

A través dunhas xornadas didácticas infantís e un foro de debate, pequenos e maiores puideron ao longo deses días descubrir os fundamentos da auga, os seus beneficios e a súa problemática. Neste marco, os escolares convertéronse en científicos por unhas horas realizando experimentos cos que descubriron as propiedades da auga, guiados polos tolos profesores de Ciencia Divertida. Así, os rapaces puxeron a proba o seu pulso, converteron dous líquidos nun sólido e simularon a descontaminación da auga. Xunto co circuito experimental, os escolares tamén participaron no obradoiro *H2O-Onde vai, de onde vén?*

A Semana da Auga na Cidade da Cultura completouse coa celebración do *Foro Ciclo Integral da Auga: coñecemento e implicación da sociedade*, organizado por *El Correo Gallego* coa colaboración de Viaqua.

Visitas didácticas con motivo do Día do Medio Ambiente

DATAS: 6 e 7 de xuño de 2016

ESPAZO: Parque da Balea e Bosque de Galicia

ASISTENTES: 194

A Cidade da Cultura convidou os escolares galegos a celebrar o Día do Medio Ambiente no Bosque de Galicia mediante a construción de caixas niño para paxaros e refuxios para morcegos e réptiles. Co obxectivo de concienciar os máis pequenos da importancia de conservar a biodiversidade e de facelos participantes no proceso de naturalización do ecosistema do Gaiás, organizáronse uns obradoiros, coa colaboración de Viaqua, que permitiron dar acubillo a parte da fauna que o habita.



Visitas didácticas á exposición *Camilo José Cela 1916-2016. O centenario dun Nobel. Un libro e toda a soidade*

DATAS: do 21 de novembro ao 19 de febreiro

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 361 persoas

Con este programa didáctico, a comunidade educativa puido achegarse a coñecer a peculiar figura do premio Nobel galego e as ricas arestas da súa creación literaria. Con contidos adaptados para todos os ciclos educativos, combinouse un percorrido guiado pola mostra con actividades lúdicas, obradoiros literarios e unha visita moi especial aos depósitos da Biblioteca de Galicia, onde se custodia o patrimonio literario galego.

Visitar

Visitas guiadas ao Gaiás

DATAS: de xaneiro a decembro de 2016

ESPAZO: saídas desde o Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 13.818 persoas

A Cidade da Cultura abríulles as portas a todas as persoas que desexasen coñecer o complexo deseñado por Peter Eisenman. Os visitantes puideron acceder libremente aos espazos e percorrer os exteriores da Cidade da Cultura: desde as Torres Hejduk ata a praza central. Ademais, o complexo do Gaiás ofreceu diferentes programas de visitas guiadas para coñecer máis de preto os segredos deste proxecto arquitectónico único.

Modalidades de visitas: visitas arquitectónicas regulares (asistiron 788 persoas), visitas regulares exposición (1.977 persoas), visitas concertadas (2.800 persoas); visitas familiares (38 persoas); visitas ao Bosque de Galicia (613 persoas) e visitas didácticas (7.602 persoas).

Visitas guiadas á exposición *José Suárez. Uns ollos vivos que pensan*

DATAS: do 14 de novembro de 2015 ao 27 de marzo de 2016

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 327 persoas en 2016

A través destas visitas guiadas ofreceuse a posibilidade de coñecer da man dun guía profesional os contidos da exposición *José Suárez. Uns ollos vivos que pensan*, na que os visitantes puideron contemplar series tan coñecidas e importantes como *Mariñeiros*, realizada a mediados dos anos trinta e que chegou a ser exposta en París ou Madrid; pero tamén imaxes tomadas durante as súas viaxes a Xapón —unha primeira no ano 1953 e unha posterior, aínda que menos destacada, nos anos sesenta—, ou as últimas series que realizou na súa vida, como *La Mancha*.

Visitas guiadas á exposición *Con-Fío en Galicia*

DATAS: do 11 de marzo ao 11 de setembro de 2016

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 1.746 persoas

Os participantes nas visitas guiadas puideron gozar da exposición *Con-Fío en Galicia* da man dun guía profesional, que ao longo de 300 pezas ofreceu un percorrido por un sector estratéxico, a moda, que representa o 6,5% da riqueza da comunidade. Un cento de looks singulares da moda feita en Galicia, reinterpretacións contemporáneas de indumentarias históricas, valiosas coleccións privadas e unha selección de material fotográfico e audiovisual conduciron os visitantes polos fitos máis destacados da historia téxtil galega.

Visitas guiadas á exposición *Camilo José Cela 1916-2016. O centenario dun Nobel. Un libro e toda a soidade*

DATAS: do 19 de novembro de 2016 ao 19 de febreiro de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás



ASISTENTES: 231 persoas

Unha guía polas máis de 600 pezas desta exposición, que conforman un retrato poliédrico sobre Cela, para mostrar a súa actividade como novelista, articulista, dramaturgo e poeta, pero tamén como editor, pintor, coleccionista e actor. A Cidade da Cultura presentou unha escolma do amplo legado deixado polo Nobel, que permitiu explorar o seu universo psicolóxico e a súa actividade como editor e activista cultural, así como a súa estreita relación con Galicia. O percorrido completouse con curiosidades, como os diferentes elementos que o acompañaron na viaxe á Alcarria, fragmentos de películas nas que traballou como actor ou obxectos das súas numerosas coleccións.

Visitas astronómicas

DATAS: 1, 8, 15 e 29 de xullo; 5, 12 e 26 de agosto; 2 e 9 de setembro de 2016

ESPAZO: Praza exterior e Auditorio da Biblioteca e Arquivo de Galicia

ASISTENTES: 944

O complexo do Gaiás acolleu un ano máis as sesións de observacións astronómicas nas que os asistentes puideron aprender sobre as estrelas e gozar da arquitectura do edificio a un mesmo tempo. A través de telescopios e prismáticos, e seguindo as explicacións técnicas dos monitores do Observatorio Astronómico Ramón María Aller, os participantes observaron a lúa, planetas, estrelas dobres, nebulosas... Ademais, coa axuda dun planisferio, aprenderon a identificar as constelacións a simple vista, e tiveron a oportunidade de participar en sesións especiais como *A noite das Perseidas*, na noite do 12 de agosto.

Visitas nocturnas

DATAS: 6, 13, 20 e 27 de xullo; 3, 10, 17, 24 e 31 de agosto de 2016

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 228 persoas

O Museo Centro Gaiás propuxo, para as noites de verán, descubrir unha nova cara da mostra *Con-Fío en Galicia* na que moda, arte, gastronomía e música foron da man.

Nun percorrido guiado especial, os participantes nas *Nocturnas* realizaron unha viaxe pola historia da moda e do téxtil da man de Miguel Cajigal, á que seguiu un momento musical a cargo de Nano Vinilo, unha cata da D.O. Ribeiro e un petisco cortesía das marcas incluídas no selo Galicia Calidade, convertendo o espazo artístico nun lugar para a reflexión, a contemplación e o disfrute.

Roteiros do outono

DATAS: 26 de novembro, 3 e 10 de decembro de 2016

ESPAZO: Bosque de Galicia, Xardín Literario e Parque do Lago

ASISTENTES: 90 persoas

Natureza, deporte e coñecemento. Este outono, a Cidade da Cultura convidou a toda a cidadanía a coñecer o seu rico patrimonio natural a través dunhas rutas guiadas polas novas zonas verdes do complexo. Un roteiro circular duns 5,5 quilómetros e dúas horas de duración no que, ademais de camiñar polo monte, os participantes puideron coñecer a flora que poboa o Monte Gaiás ao tempo que descubriron características, anécdotas e lendas asociadas a cada especie.

Bosque de Galicia

VISITANTES: 636 persoas

O Bosque de Galicia levántase nas ladeiras do monte Gaiás con sete mil árbores de especies autóctonas (carballos, castiñeiros, salgueiros, bidueiros, ameneiros, espiños, serbais, loureiros...), un pulmón verde de 24 hectáreas que incrementa a biodiversidade da zona e mellora o metabolismo ambiental de Santiago, ao tempo que contribúe a integrar a Cidade da Cultura en Compostela, favorecendo que os visitantes se acheguen camiñando.

Unha rede de sendas peóns de tres quilómetros favorece o seu uso como lugar para o paseo, o contacto coa natureza e para todos os afeccionados ás actividades deportivas ao aire libre. A trama das sendas permite subir ao Gaiás elixindo itinerarios máis ou menos suaves, o que ofrece alternativas para todos os visitantes. Un sistema de iluminación fotovoltaica de baixo consumo permite tamén o uso destas sendas nas horas sen luz natural. Ademais, no cumio do monte, instalouse unha estación fotovoltaica que contribúe á

recuperación deste tipo de enerxía, cunha iluminación suave e funcional, que evita o exceso de contaminación luminosa.

O bosque conta con zonas de descanso e un miradoiro no alto no que descubrir unha das vistas máis descoñecidas de Santiago de Compostela.

Camión ao Gaiás

DATAS: xullo (7, 14, 21 e 28), agosto (4, 11, 18 e 25) e setembro (1 e 8)

PROGRAMA:

16.45 h Salda da oficina de turismo municipal –Incolsa- (Rúa do Vilar, 63)

18.15 h Chegada ao Gaiás polo Bosque de Galicia

18.30 h Visita guiada á exposición *Con-Fío en Galicia*

ASISTENTES: 219 persoas

Arte, historia, natureza e un estilo de vida saudable. Estas foron as catro claves do Camión ao Gaiás 2016, co que a Cidade da Cultura e a Fundación USC Deportiva convidaron a todos os composteláns e visitantes a descubrir unha nova cidade. Nesta nova ruta a pé ata o complexo deseñado por Peter Eisenman, os participantes puideron descubrir o rico patrimonio monumental de Santiago de Compostela como o Museo do Pobo Galego, a igrexa de San Domingos de Bonaval ou a igrexa de San Pedro; e o rico espazo verde do Parque de Belvís, as Brañas do Sar e, como novidade, o Bosque de Galicia. Tras acceder ao Gaiás e contemplaren esta nova área verde que ofrece a cidade, os participantes foron recibidos por un dos guías do Museo Centro Gaiás que os acompañou no final do percorrido cunha visita guiada de balde á exposición *Con-Fío en Galicia*.

B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número		Nº horas / ano	
	Previsto	Realizado	Previsto	Realizado
Persoal asalariado	3	3	5.025	5.025
Persoal con contrato de servizos	7	7	14.000	14.000
Persoal voluntario				

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número	
	Previsto	Realizado
Persoas físicas	110.000	149.000
Persoas xurídicas		
Proxectos sen cuantificar beneficiarios		

D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación Previstos	Cuantificación Realizado
Eventos e actividades culturais	Nº de eventos	200	149
Asistentes a eventos e actividades	Nº de persoas	110.000	149.000
Beneficiarios encontros	Nº de persoas	500	797 (Non se inclúe asistentes a WOMEX (10.000 persoas))

Fonte. Memoria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do ano 2016: <https://www.cultura.gal/es/memoria-actividades-cultura-2016>

ACTIVIDADE 2

A) Identificación.

Denominación da actividade	EXPLOTACIÓN E RENDIBILIDADE ECONÓMICA DOS ESPAZOS CONSTRUIDOS
Tipo de actividade*	ACTIVIDADE PROPIA



Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	SANTIAGO DE COMPOSTELA

Descrición detallada da actividade realizada

Atínxese toda actividade da Fundación destinada á cesión/alugueiro dos espazos procedentes do seu patrimonio, co obxectivo de cumprir as finalidades sinaladas nos seus estatutos:

Artigo 7. Actividades fundacionais

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a fundación pode realiza-las seguintes actividades:

